

XUNTA DE GOBERNO**Sesión do día 14 de outubro de 2022**

-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as once horas do día catorce de outubro do ano dous mil vinte e dous, baixo a Presidencia de D. Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo, Vicepresidente da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, D. Carlos López Font, D. Santos Héctor Rodríguez Díaz, D. Gorka Gómez Díaz, Dna. Noemí Outeda Prol, Dna. Ana Laura Iglesias González, Dna. Iria Lamas Salgueiro, Dna. María Ortega Iñarrea e Dna. Ana María Mejías Sacaluga co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto D. Gabriel Rodríguez Alonso, Secretario Acctal., e está presente o Sr. Interventor, D. Antonio Graña Gómez.

Non asiste a Ilma. Sra. Presidenta *Dna. M^a del Carmen Silva Rego*, xustificando a súa ausencia.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.32182.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 7 de outubro 2022.

2.32183.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DAS NEVES PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA E.P. 4006 PONTEAREAS- AS NEVES DO P.Q. 12+080 AO 12+560 EN AS NEVES” (Expte.2022047711)

1. A Corporación e a Xunta de Goberno provinciais, no marco do exercicio das súas competencias propias en relación coas infraestruturas e vías provinciais, coa planificación do territorio aprobaron varios instrumentos para a promoción dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS) e da Axenda 2030, tales como a *Ordenanza de Seguridade Viaria*, o *Decálogo de Criterios de Intervencións nas Estradas Provinciais*, o *Plan Móvese*, a *Guía Básica de Espazos Públicos e Mobilidade Amable*.

2. A Deputación de Pontevedra é titular da Estrada provincial E.P 4006, cunha lonxitude total de 12.681 metros e que pertence á rede complementaria. Preténdese acondicionala ó longo duns 480 metros, no treito comprendido entre a rotonda que comunica coa *EP – 4202 e o IES Pazo da Mercé*, para mellorar a funcionalidade da vía e a súa seguridade tanto para o tráfico rodado como peonil.



Con este obxectivo a Deputación contratou a redacción do proxecto “*Mellora da mobilidade peonil na E.P. 4006 Pontareas- As Neves do P.Q. 12+080 ao 12+560*”. Na actualidade, o treito da actuación proxectada conta con dous carrís para a circulación de vehículos, un por sentidos e beirarrúas de ancho variable en ámbalas marxes. Á altura do P.Q. 12+300 as escaleiras de acceso á Antiga Escola de Artes e Oficios invaden a totalidade da beirarrúa da marxe esquerda.

Ó longo de todo o percorrido destaca a presenza de postes e tendidos aéreos das redes de telefonía, alumeadado público e baixa tensión. A estrada tamén conta con rede de saneamento cos seus correspondentes pozos de rexistro, rede de recollida de augas pluviais e abastecemento de auga.

A solución proxectada busca darlle prioridade o tráfico peonil, incrementando o espazo ocupado polas beirarrúas, a ordenación do tráfico rodado e o calmado da velocidade mediante nun novo paso de peóns sobreelevado.

O resumo do orzamento das obras previstas no proxecto é o seguinte:

| | |
|---------------------------------------|--------------|
| Execución material | 179.453,13 € |
| Presuposto base de licitación | 213.549,23 € |
| Presuposto base de licitación con IVE | 258.394,57 € |

3. O Concello das Neves presta conformidade ao presente convenio mediante escrito presentado achegando a Resolución da Alcaldía 921/2022 de 12 de agosto de 2022 (entrada WEB2022045049).

A achega municipal ao mesmo financiarase con cargo ao Plan Concellos 2023. Este financiamento está condicionado á aprobación do plan pola Deputación e por contía suficiente correspondente ao Concello das Neves.

4. Os servizos técnicos da Deputación, en data 23 e 31 de agosto de 2022 e 14 de setembro de 2022, informaron sobre a xustificación das porcentaxes de financiamento, supervisión do proxecto e grado de prioridade das obras.

Consideracións:

1ª Normativa aplicable.

- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime Local (LBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALGA).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Bases de execución do orzamento provincial.



2ª Cooperación entre as administracións públicas.

A cooperación interadministrativa como principio reitor da actuación e das relacións das distintas administrativas recóllese no artigo 103.1 da Constitución. Así o tribunal Supremo (sentenza 9 de marzo de 2011, rec.3037/2008) ten sinalado que o marco competencial deseñado pola Constitución determina a coexistencia de títulos competenciais con incidencia nun mesmo espazo físico, polo que é imprescindible o desenvolvemento de técnicas de coordinación, colaboración e cooperación administrativa.

No 3.1.k) da LRJSP recóllese o principio de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas. No artigo 140.1 sinalase que as diferentes administracións públicas actúan e relaciónanse con outras Administracións e entidades ou organismos vinculados ou dependentes destas de acordo, entre outros principios, co sinalados na letra d):

“Cooperación, cando dúas ou máis Administracións Públicas, de maneira voluntaria e en exercicio das súas competencias, asumen compromisos específicos en aras dunha acción común”.

De acordo cos art. 57 da LBRL e 198 e seguintes da LALGA, a cooperación pódese instrumentalizar por medio da subscrición de convenios definidos no art. 47 da LRXSP.

O artigo 111 do TRRL recolle o principio de liberdade de pactos e condicións sempre que non sexan contrarios ao interese público, ao ordenamento xurídico ou aos principios de boa administración.

3ª Contido.

En relación ao contido mínimo esixido polo artigo 49 da LRXSP o convenio obxecto deste informe recolle:

- Suxeitos que asinan o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.
- A competencia na que se fundamenta a actuación da Administración Pública.
- Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando a titularidade dos resultados obtidos.
- Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes, indicando a súa distribución temporal por anualidades.
- Consecuencias aplicables en caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos.
- Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.
- O réxime de modificación.
- Prazo de vixencia de acordo coas regras establecidas no mesmo artigo 49.
- Facultades de compensación e ingreso a favor da Deputación da achega do Concello.

4ª Financiamento:

A distribución do financiamento conforme á cláusula terceira é a seguinte:

| Organismo | Achega | % |
|---------------------------|---------------------|------------|
| Deputación de Pontevedra | 206.715,66 € | 80 |
| Concello das Neves | 51.678,91 € | 20 |
| TOTAL INVESTIMENTO | 258.394,57 € | 100 |



A Deputación financiará a súa achega (206.715,66 €) con cargo á aplicación 22/456 4530 612.02 do orzamento provincial do ano 2022.

A achega do Concello das Neves (51.678,91 €) financiarase con cargo ao Plan Concellos 2023.

De conformidade co disposto no artigo 116.5 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en diante, LCSP), unha vez aprobado o convenio, e antes de aprobar o expediente de contratación correspondente, acreditarase a plena dispoñibilidade de todas as achegas que financian o investimento.

Os demais gastos derivados da actuación obxecto do convenio serán financiados pola Deputación de Pontevedra.

5ª Órgano competente para a aprobación.

Atendendo ao obxecto do convenio e ao constante criterio con respecto á aprobación de propostas de convenios de colaboración Deputación/Concellos de contido análogo, logo dos informes favorables da Secretaría e da Intervención, ao non se tratar de transferencia de funcións ou de actividades, o órgano competente para a aprobación é a Xunta de Goberno.

O Convenio suscrito será posto a disposición dos cidadáns no Portal de Transparencia en aplicación do disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno –artigo 8.1.b)–, e Ordenanza de transparencia da Deputación publicada no BOPPO 18-03-2019 con indicación das partes asinantes, obxecto, duración e obrigas económicas.

Por todo o exposto, sen prexuízo, e de selo o caso, da aprobación plenaria do cambio de titularidade de vías, logo dos informes da Secretaría Xeral e da Intervención, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar o convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello das Neves co seguinte contido:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O EXCMO. CONCELLO DAS NEVES PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA EP-4006 PONTEAREAS - AS NEVES DO P.Q. 12+080 AO 12+560”.

REUNIDOS

María del Carmen Silva Rego, presidenta da Deputación de Pontevedra, en virtude da competencia que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (en adiante LBRL).

Xosé Manuel Rodríguez Méndez, alcalde do Concello das Neves, en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 21.1.b) da LBRL.

Carlos Cuadrado Romay, secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra, dando fe do acto.

Ambas partes recoñécense con capacidade para formalizar o presente convenio, en base ós principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das administracións públicas.



MANIFESTAN

I.- *Que os convenios entre as Administracións Públicas constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal como establecen os art. 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (en adiante LRXSP), 57 da LRBRL e 198 e seguintes da Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (en adiante LALG).*

II.- *Que a Deputación de Pontevedra, está concienciada sobre a necesidade de aumentar a seguranza viaria en toda a rede de estradas da provincial, facendo especial fincapé nos tramos que transcorren por espazos urbanos ou núcleos rurais dos distintos concellos, dando cumprimento a asistencia que debe prestar segundo disposto no artigo 36 LRBRL. Por ese motivo, o organismo provincial quere levar a cabo intervencións neste senso no seu propio viario e está a facer unha replanificación profunda e conceptual das actuacións en materia de mobilidade, con especial fincapé na protección dos colectivos máis vulnerables: peóns, ciclistas e persoas con mobilidade reducida. O obxectivo é conformar un contorno viario seguro e tranquilo, fomentando a convivencia de todos os medios de transporte e sistemas de desprazamento, así como repartir de xeito equitativo o espazo público. Quérese garantir que vías provinciais ofrezan unha mobilidade universal nun espazo continuo de seguranza viaria.*

III.- *Que segundo dispoñen os artigos 26.1 da LRBRL e 81 da LALG, os municipios deberán prestar ós seus cidadáns, determinados servizos públicos en función da súa poboación.*

IV.- *Que o artigo 36 da LRBRL e os artigos 109 e 110 da LALG encomendan ás deputacións a que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal; a tal efecto, e co fin de posibilitar a consecución real e efectiva dos mesmos, é polo que se instrumenta o presente convenio.*

V.- *A Deputación de Pontevedra é titular da estrada provincial E.P. 4006 Pontearreas - As Neves, que transcorre polo Concello das Neves e que ten unha lonxitude de 12.681 m.*

VI.- *A E.P. 4006 que conecta Pontearreas con As Neves é de dobre sentido de circulación e de sección variable. Antes da zona de actuación, no treito antigo existente desde o P.Q. 11+100 ata o P.Q. 12+080 da EP 4006 executáronse obras de mellora mediante unha senda peonil dende o núcleo do Rabelo así como a mellora da mobilidade peonil na rotonda existente no P.Q. 12+000, para a seguranza dos veciños e a conexión co instituto e co centro da vila.*

Onde remata a actuación executada, á altura do P.Q. 12+080 atópase unha beirarrúa pola marxe esquerda en moi mal estado, polo cal a Deputación decide contratar a redacción do proxecto de “Mellora da mobilidade peonil na E.P. 4006 Pontearreas- As Neves do P.Q. 12+080 ao 12+560 (Concello das Neves)”.

VII.- *O proxecto desenvólvese na súa integridade no Concello das Neves, dende o P.Q. 12+080 ao 12+560 da E.P. 4006. O seu obxecto principal é a execución dunha senda peonil de 2,50 metros de ancho pola marxe esquerda da estrada dando continuidade os treitos executados en proxectos anteriores co fin de mellorar a mobilidade peonil existente ata o IES Pazo da Mercé e centro da vila.*



A solución proxectada comprende o acondicionamento da estrada o longo duns 480 metros co fin de mellorar a funcionalidade da vía, incrementando o ancho da beirarrúa da marxe esquerda e mellorando a seguridade viaria mediante unha reordenación dos carrís e das zonas de estacionamento. A maiores, o proxecto contempla a execución dunha nova rede de pluviais para a recollida das augas en días de choiva, así como a mellora do mobiliario urbano.

Co fundamento en canto queda exposto, e coa vontade patente de colaboración das Entidades comparecentes, ámbalas dúas partes acordan a subscrición do presente convenio, consonte ás seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto:

O obxecto deste convenio é establecer as condicións que rexerán a colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello das Neves para a execución do proxecto de “Mellora da mobilidade peonil na E.P. 4006 Pontearreas- As Neves do P.Q. 12+080 ao 12+560 es As Neves”.

Proxéctase a mellora das condicións de seguridade e mobilidade para os peóns e vehículos na zona de actuación, mediante a reorganización das prioridades ampliando o ancho da beirarrúa existente. A maiores, o proxecto contempla a renovación da rede de pluviais e a mellora do mobiliario urbano.

Segunda.- Importe:

O importe o que se refire a presente actuación ascende a douscentos trece mil cincocentos corenta e nove euros con vinte e tres céntimos (213.549,23 €), máis corenta e catro mil oitocentos corenta e cinco euros con trinta e catro céntimos (44.845,34 €) en concepto de IVE, o que ascende a un orzamento total de douscentos cincuenta e oito mil trescentos noventa e catro euros con cincuenta e sete céntimos (258.394,57 €).

Terceira.- Financiamento:

O investimento necesario para a realización das mencionadas obras serán financiados pola Deputación de Pontevedra e Concello das Neves segundo se detalla:

| | Achega | Porcentaxe |
|--------------------------|--------------|------------|
| Deputación de Pontevedra | 206.715,66 € | 80 |
| Concello das Neves | 51.678,91 € | 20 |
| TOTAL INVESTIMENTO | 258.394,57 € | 100 |

A Deputación financiará 206.715,66 € (80 %) con cargo á aplicación 22 /456 4530 612.02.

A achega do Concello das Neves será de 51.678,91 € (20%), pola que se xerará crédito na correspondente aplicación orzamentaria, financiarase con cargo ao Plan Concellos 2023. O importe do financiamento con cargo a esta subvención está condicionado á aprobación do plan pola Deputación e por contía suficiente correspondente ao Concello das Neves. Estas operacións deberán efectuarse, unha vez aprobado o convenio, e antes de aprobar o expediente de contratación correspondente por parte da Deputación de Pontevedra; nese momento deberase acreditar a plena dispoñibilidade de todas as achegas, tendo en conta o disposto no artigo 116.5 da LCSP.



Os demais gastos derivados da actuación obxecto deste convenio, tales como redacción do proxecto e os contratos de servizo accesorios para a dirección control e seguimento da execución de obras, recuamento de servizos ou o control arqueolóxico da mesma, serán financiados pola Deputación de Pontevedra.

Cuarta.- Incidencias no desenvolvemento da obra:

Calquera incidencia que poida xurdir no desenvolvemento das obras, por causas imprevistas e que obriguen a unha modificación do proxecto e se produza un incremento do custo, será financiada de conformidade cos coeficientes dispostos na cláusula terceira. No caso de producirse unha diminución, sempre que a achega do Concello sexa con cargo a fondos propios, será devolta a cantidade sobrante.

Quinta.- Obrigas do Concello:

O Concello das Neves obrígase a:

- 1) Obter as correspondentes licenzas e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas.*
- 2) Levar a cabo a conservación e mantemento de todos os servizos urbanos executados ou modificados polas actuacións obxecto deste convenio (itinerarios peonís, zonas de convivencia, mobiliario urbano, iluminación, etc), logo da comunicación da Deputación de Pontevedra de finalización das obras.*
- 3) Achegarlle á Deputación de Pontevedra o compromiso do acordo adoptado polo órgano que legalmente teña atribuída a competencia conforme á lexislación propia do réxime local, á que fai referencia o apartado 2 anterior, antes da sinatura do presente convenio.*
- 4) Darlle a adecuada publicidade a este convenio, de tal xeito que quede constancia que a remodelación da infraestrutura se levou a cabo en colaboración coa Deputación de Pontevedra.*

Sexta.- Obrigas da Deputación Provincial de Pontevedra:

Correspóndelle á Deputación de Pontevedra:

- 1) Redactar o proxecto técnico para a execución das obras obxecto deste convenio.*
- 2) Dirixir, executar e recibir as obras.*
- 3) Comunicarlle ao Concello a recepción das obras.
A comunicación da Deputación ao Concello das Neves da formalización do acto de recepción das obras determina o nacemento das obrigas de conservación e mantemento dos servizos urbanos asumidas polo Concello na cláusula quinta 2) precedente, sen prexuízo das responsabilidades que correspondan ao contratista derivadas do contrato de obras e para esixir o cal, a Deputación de Pontevedra, poderá adoptar todas as medidas que considere necesarias.*
- 4) Remitir a información sobre o presente convenio ao Consello de Contas en aplicación do establecido no artigo 53 da LRXSP e da súa normativa de desenvolvemento.*

Sétima.- Compensación de débedas:

O Concello das Neves faculta expresamente á Deputación para reter e compensar o importe da súa contribución ao financiamento das obras con cargo ás cantidades que lle poidan corresponder por toda clase de débedas vencidas e pendentes de pago.



Oitava.- Comisión de seguimento e control:

Para o seguimento e control do cumprimento do presente convenio , así como para aclarar as dúbidas que suscite a súa interpretación, constitúese unha Comisión de Seguimento da que forman parte a presidenta, o alcalde ou persoas en quen deleguen, o secretario da Deputación de Pontevedra ou persoa en quen delegue e un representante técnico de cada Administración.

As súas funcións, entre outras, serán as seguintes:

- Impulsar e avaliar o cumprimento do presente convenio, proponendo as actuacións que se consideren precisas.*
- Proponer a interpretación, en caso de dúbida, do seu contido.*
- Proponerlles ás partes a resolución das controversias que poidan xurdir na aplicación do convenio.*

Esta comisión reunirse dentro do prazo de tres días, a contar desde o momento da petición expresa realizada por calquera delas.

Novena.- Vixencia do convenio:

O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia ata o remate das obras obxecto do convenio, en todo caso ata o 31 de decembro de 2024.

A vixencia do presente convenio poderá prorrogarse coa conformidade expresa das partes intervinientes e de acordo co disposto no artigo 49 da LRXSP.

Décima.- Extinción:

O convenio extinguirase por cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución. Serán causas de resolución o incumprimento das obrigas derivadas deste convenio por calquera das partes de conformidade co disposto no artigo 51 da LRXSP e as demais previstas no dito artigo.

Undécima.- Normativa aplicable:

O presente convenio ten natureza administrativa, rexéndose polas cláusulas establecidas e pola seguinte lexislación:

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local*
- Lei 5/97, de 22 de xullo, da Administración local de Galicia.*
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico de sector público*
- Bases reguladoras da execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2022.*
- E demais normativa de obrigado cumprimento*

As partes quedan sometidas á Xurisdición Contencioso-Administrativa, a falta de entendemento previo pola comisión citada na cláusula oitava, para a resolución de posibles controversias que puideran suscitar o incumprimento ou interpretación do convenio.



E en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan este convenio, por duplicado e para un só efecto, no lugar e na data sinalados no seu encabezamento.

Pola Deputación Provincial de Pontevedra

María del Carmen Silva Rego

Polo Concello das Neves

Xosé Manuel Rodríguez Méndez

O secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra,

Carlos Cuadrado Romay”

Segundo.- Facultar á presidenta para a formalización do convenio transcrito mediante a súa sinatura.

Terceiro.- O convenio será posto a disposición dos cidadáns no Portal de Transparencia en aplicación do disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno –artigo 8.1.b)–, e na Ordenanza de transparencia e acceso á información pública da Deputación de Pontevedra publicada no BOPPO de 18 de marzo de 2019.

3.32184.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E CREA ASOCIACIÓN GALEGA DE PROFESIONAIS DA DIRECCIÓN E REALIZACIÓN NO MARCO DO PROXECTO CONECTA LAB, PROXECTO FINANCIADO POLAS AXUDAS A LABORATORIOS E INCUBADORAS DE CREACIÓN E DESENVOLVEMENTO DE PROXECTOS AUDIOVISUAIS PREVISTAS NA ORDE CUL/2912/2010, DE 10 DE NOVEMBRO CONVOCADAS PARA OS ANOS 2022-2023 (Expte.2022015089)

O 4 de xaneiro de 2022, foi publicado no Boletín Oficial do Estado (B.O.E. nº 3), o extracto da Resolución do 30 de decembro de 2021 da Dirección Xeral do Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais, pola que se convocan para o ano 2022 axudas para laboratorios e incubadoras de creación e desenvolvemento de proxectos audiovisuais a celebrarse en 2022 e 2023, ao amparo do disposto nos artigos 19, 20 e 23 da Lei 55/2007, do 28 de decembro, do Cinema, e na a Orde CUL/2912/2010, do 10 de novembro, reservándose a tales efectos a cantidade de 9.000.000 euros, imputables ao crédito dispoñible na aplicación do Programa 33XA «Cultura. Mecanismo de Recuperación e Resiliencia» do Organismo Autónomo Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais correspondente aos exercicios 2022 e 2023.

Con data 8 de marzo de 2022, co fin de levar a cabo actuacións de promoción cultural e turística na provincia de Pontevedra, apoiar o auxe do audiovisual galego rodado na nosa provincia e coa premisa transversal nas nosas políticas culturais de apoiar á creación contemporánea, a Deputación de Pontevedra, en consorcio con CREA Asociación Galega de Profesionais da Dirección e Realización, presentaron o Proxecto Conecta LAB aos efectos de optar ás axudas a laboratorios e incubadoras de creación e desenvolvemento de proxectos audiovisuais previstas na devandita Orde.



Con Resolución da Dirección Xeral do Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais, do data 21 de xullo, aprobou o proxecto presentado e concedeu as axudas para laboratorios e incubadoras de creación e desenvolvemento de proxectos audiovisuais a celebrarse en 2022 e 2023, entre as que se incluíu o Proxecto Conecta LAB. Que a devandita Resolución é accesible na páxina web do Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais.

Que a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra na súa sesión ordinaria do día 7 de outubro de 2022 adoptou, entre outros, o acordo (nº 16.32177) de aprobación do proxecto “CONECTA LAB”, presentado á convocatoria de axudas para laboratorios e incubadoras de creación e desenvolvemento de proxectos audiovisuais a celebrarse en 2022 e 2023, no marco Programa 33XA «Cultura. Mecanismo de Recuperación e Resiliencia» do Organismo Autónomo Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais correspondente aos exercicios 2022 e 2023.

Considerando que, desde o punto de vista competencial, o artigo 118 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, determina como competencias propias das deputacións provinciais de calquera actividade cuxa finalidade sexa ou fomento da cultura e educación.

Nesta liña, a Lei 5/2016, de 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia, establece no seu artigo 69 que “as administracións públicas adoptarán unha política xeral encamiñada a destacar a función do patrimonio cultural inmaterial na sociedade como elemento de carácter identitario, así como a integrar o seu salvagarda nos seus programas de planificación, especialmente mediante os programas educativos e de sensibilización adecuados para o recoñecemento, o respecto, a difusión e a valorización do patrimonio cultural inmaterial na sociedade, nos que a infancia e a mocidade ocuparán un lugar relevante”.

Considerando ademais, que a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, no seu artigo 36.1 d) establece como competencias propias das deputacións provinciais a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo con as competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. Nesta mesma liña, o artigo 109.1 d) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Asociar a imaxe da Deputación a este tipo de actividades en escenarios localizados na provincia, encaixa cos obxectivos de promoción cultural desta entidade e implican importantes vantaxes de difusión en diferentes medios cun grande impacto global, o que xustifica o interese público deste tipo de actividades.

Considerando o informe xurídico favorable do 11 de outubro do 2022, no que se manifesta que o texto do Convenio que se pretende aprobar é xuridicamente correcto para os fins propostos.

Considerando o informe de fiscalización favorable da Intervención Xeral do 14 de outubro do 2022.



Por todo o exposto, vistos os informes preceptivos favorables, e sendo a Xunta de Goberno o órgano competente para aprobar o presente convenio en aplicación das bases aprobadas para a execución do orzamento, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

ÚNICO.- Aprobar o Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e CREA Asociación Galega de Profesionais da Dirección e Realización no marco do Proxecto Conecta LAB, proxecto financiado polas axudas a laboratorios e incubadoras de creación e desenvolvemento de proxectos audiovisuais previstas na Orde CUL/2912/2010, de 10 de novembro convocadas para os anos 2022-2023, co seguinte texto:

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E CREA ASOCIACIÓN GALEGA DE PROFESIONAIS DA DIRECCIÓN E REALIZACIÓN NO MARCO DO PROXECTO CONECTA LAB, PROXECTO FINANCIADO POLAS AXUDAS A LABORATORIOS E INCUBADORAS DE CREACIÓN E DESENVOLVEMENTO DE PROXECTOS AUDIOVISUAIS PREVISTAS NA ORDE CUL/2912/2010, DE 10 DE NOVIEMBRE CONVOCADAS PARA OS ANOS 2022-2023”.

En Pontevedra,

INTERVEÑEN

Dunha parte, D.^a María del Carmen Silva Rego, quen actúa en nome e representación da Deputación Provincial de Pontevedra, en virtude do seu cargo como presidenta deste organismo e en función das atribucións que lle confiren o artigo 34.1.b da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), e o artigo 105 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia (LALGA).

Doutra parte, D. Alonso Cortizo Vázquez, quen actúa en nome e na representación de CREA Asociación Galega de Profesionais da Dirección e Realización, en virtude da súa condición de presidente, 0 e domicilio social na Praza dos Maios s/n, portal 1, 1ªA, Pontevedra; inscrita no Rexistro Central de Asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia co nº 2014/18532-1, tal e como consta na resolución de inscrición da Xunta Directiva do 31 de xaneiro do 2022.

Actúa D. Carlos Cadrado Romay, en calidade de secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra, dando fe do acto que se celebra.

Ambas as partes recoñécense con capacidade para formalizar este Convenio, en base aos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións públicas,

EXPOÑEN

Primeiro.- O Consello Europeo aprobou o 21 de xuño de 2020 a creación do programa “NextGeneration EU” dotado con 750.000 millóns de euros, un instrumento de estímulo económico en resposta á crise causada polo coronavirus, desenvolto conforme ao Mecanismo para a Recuperación e a Resiliencia (MRR) regulado no Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, que constitúe o núcleo deste Fondo de Recuperación.



A súa finalidade é apoiar o investimento e as reformas dos Estados membros para lograr unha recuperación sustentable e resiliente, á vez que se promovan as prioridades ecolóxicas e dixitais da Unión Europea. Ten catro obxectivos principais: promover a cohesión económica, social e territorial da UE; fortalecer a resiliencia e a capacidade de axuste dos Estados membros; mitigar as repercusións sociais e económicas da crise do COVID-19; e apoiar a transición ecolóxica e dixital.

Para alcanzar os referidos obxectivos cada Estado membro deseñou un Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia que inclúe as reformas e investimentos necesarias para cumprir cos obxectivos do citado Plan.

No caso de España a Resolución do 29 de abril de 2021, da Subsecretaría do Ministerio de Asuntos Económico e Transformación Dixital, dá publicidade ao Acordo do Consello de Ministros do 27 de abril de 2021, polo que se aproba o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, que define as estratexias para seguir no desenvolvemento dos fondos europeos de recuperación.

Segundo.- Os investimentos do citado Plan de España canalízanse a través de distintos instrumentos como son as convocatorias públicas para a subvención de proxectos. Así, o 4 de xaneiro de 2022, foi publicado no Boletín Oficial do Estado (B.O.E. nº 3), o extracto da Resolución do 30 de decembro de 2021 da Dirección Xeral do Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais, pola que se convocan para o ano 2022 axudas para laboratorios e incubadoras de creación e desenvolvemento de proxectos audiovisuais a celebrarse en 2022 e 2023, ao amparo do disposto nos artigos 19, 20 e 23 da Lei 55/2007, do 28 de decembro, do Cinema, e na a Orde CUL/2912/2010, do 10 de novembro, reservándose a tales efectos a cantidade de 9.000.000 euros, imputables ao crédito dispoñible na aplicación do Programa 33XA «Cultura. Mecanismo de Recuperación e Resiliencia» do Organismo Autónomo Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais correspondente aos exercicios 2022 e 2023.

Terceiro.- Con data 8 de marzo de 2022, co fin de levar a cabo actuacións de promoción cultural e turística na provincia de Pontevedra, apoiar o auxe do audiovisual galego rodado na nosa provincia e coa premisa transversal nas nosas políticas culturais de apoiar á creación contemporánea, a Deputación de Pontevedra, en consorcio con CREA Asociación Galega de Profesionais da Dirección e Realización, presentaron o Proxecto Conecta LAB aos efectos de optar ás axudas a laboratorios e incubadoras de creación e desenvolvemento de proxectos audiovisuais previstas na devandita Orde.

Cuarto.- O Proxecto Conecta LAB ten como obxectivo o acompañamento e impulso de proxectos audiovisuais, e os seus creadores/as, a través da organización de talleres de formación, ciclos de clases maxistras, encontros de networking e representación sectorial.

Deste xeito, CONECTA LAB promoverá a realización de asesorías creativas, formacións e talleres de Pitch para dotar a creadores/as da información máis actual para abordar o mercado con proxectos competitivos.

Quinto.- Con Resolución da Dirección Xeral do Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais, do data 21 de xullo, aprobou o proxecto presentado e concedeu as axudas para laboratorios e incubadoras de creación e desenvolvemento de proxectos audiovisuais a celebrarse en 2022 e 2023, entre as que se incluíu o Proxecto Conecta LAB.



En consecuencia, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra na súa sesión ordinaria do día 7 de outubro de 2022 adoptou, entre outros, a aprobación do proxecto “CONNECTA LAB”, presentado á convocatoria de axudas para laboratorios e incubadoras de creación e desenvolvemento de proxectos audiovisuais a celebrarse en 2022 e 2023, no marco Programa 33XA «Cultura. Mecanismo de Recuperación e Resiliencia» do Organismo Autónomo Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais correspondente aos exercicios 2022 e 2023.

Sexto.- Desde o punto de vista competencial, o artigo 118 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, determina como competencias propias das deputacións provinciais de calquera actividade cuxa finalidade sexa ou fomento da cultura e educación.

Nesta liña, a Lei 5/2016, de 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia, establece no seu artigo 69 que “as administracións públicas adoptarán unha política xeral encamiñada a destacar a función do patrimonio cultural inmaterial na sociedade como elemento de carácter identitario, así como a integrar o seu salvagarda nos seus programas de planificación, especialmente mediante os programas educativos e de sensibilización adecuados para o recoñecemento, o respecto, a difusión e a valorización do patrimonio cultural inmaterial na sociedade, nos que a infancia e a mocidade ocuparán un lugar relevante”.

Considerando ademais, que a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, no seu artigo 36.1 d) establece como competencias propias das deputacións provinciais a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo con as competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. Nesta mesma liña, o artigo 109.1 d) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Sétimo.- Que os convenios constitúen o instrumento adecuado para desenvolver cuestións de interese común, tal como establecen os art. 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Oitavo.- Que a través do presente convenio, a Deputación e CREA Asociación Galega de Profesionais da Dirección e Realización acordan a execución coordinada das actividades incluídas no proxecto aprobado, que se detallan na memoria de actividade que se achegou na solicitude para a aprobación do proxecto, para a consecución dos fíos e obxectivos marcados na convocatoria e na documentación do proxecto presentada.

Noveno.- As partes recoñécense a capacidade xurídica necesaria para subscribir este acordo e, en consecuencia, conveñen formalizar este Convenio de colaboración (en diante aparecerá denominado como “Convenio”) con suxeición ás seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. Obxecto do convenio:

O obxecto deste convenio é articular as bases de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e CREA Asociación Galega de Profesionais da Dirección e Realización para levar a cabo a execución coordinada das actividades incluídas no Proxecto Conecta LAB, financiado no marco Programa 33XA «Cultura. Mecanismo de Recuperación e Resiliencia» do Organismo Autónomo Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais.



SEGUNDA.- Finalidade:

O presente Convenio ten como finalidade a execución coordinada do Proxecto Conecta LAB, a través do desenvolvemento das actividades previstas no Anexo I, segundo as seguintes premisas:

- a) Desenvolver a industria cinematográfica da provincia e aproveitar todas as súas potencialidades;*
- b) Promover a dinamización, a innovación, a competitividade, a escalabilidade, a cooperación, o uso de tecnoloxías dixitais e a sustentabilidade de maneira xeral nas industrias creativas;*
- c) Incrementar a profesionalización das fases de creación e desenvolvemento de proxectos audiovisuais a través da innovación nas narrativas, a adquisición de habilidades emprendedoras, a vertebración de redes dentro do sector audiovisual e o estímulo e a axuda directa a profesionais e proxectos para chegar aos seus públicos potenciais;*
- d) Potenciar o márketing, promoción, interacción con públicos e novos modos de distribución e explotación das producións, e aproveitar ao máximo as oportunidades dos procesos de dixitalización, traballando neste ámbito desde as fases de creación e desenvolvemento de proxectos;*
- e) Facilitar o intercambio de coñecementos e experiencia, especialmente a través do apoio de iniciativas de foros profesionais e titorías;*
- f) Fomentar a internacionalización da cultura española e a súa inclusión en redes europeas e iberoamericanas a través da mellora da capacidade do sector audiovisual para operar transnacionalmente e internacionalmente;*
- g) Estimular a participación do sector privado no financiamento de proxectos e favorecer un efecto estruturador nas empresas españolas e europeas, incluído o emprendemento, a creación de novos modelos de negocio, a xestión da propiedade intelectual e mellora da capacidade para acceder ao financiamento;*
- h) Establecer unha maior cooperación e comunicación cultural e contribuír ao equilibrio territorial no desenvolvemento cultural;*
- i) Favorecer a diversidade cultural e lingüística, avanzar na igualdade de xénero e facilitar a incorporación das novas xeracións;*
- j) Impulsar a contribución do sector audiovisual aos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible.*

TERCEIRA.- Importe e financiamento:

O desenvolvemento das actividades previstas neste Convenio realizarase segundo o previsto na cláusula cuarta e no Anexo I, asumindo cada Parte os custos relativos para as actuacións previstas.

O custo total das actuacións ascende a 269.000,00 € financiando o Ministerio de Cultura e Deporte a cantidade de 182.920,00 €. As Partes deberán achegar 43.040,00 € para completar o custo total das actuacións previstas no proxecto.



No caso de que o investimento realizado teña un custo inferior ao inicialmente previsto o financiamento reducirase en correlación ás obrigacións económicas que lle corresponda afrontar a cada parte, sempre que a financiación propia alcance un mínimo do 20% do custo total das actuacións.

CUARTA. Compromisos das partes:

As Partes comprométense a realizar as actuacións e desagregación por conceptos do orzamento financiable dentro do proxecto Proxecto Conecta LAB no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU, que se recollen como Anexo I.

Ademais das obrigas anteriormente previstas, as Partes asumen as obrigas xerais previstas na base décimo cuarta da Resolución da Dirección Xeral do Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais pola que se convocan axudas correspondentes ao ano 2022 para laboratorios e incubadoras de creación e desenvolvemento de proxectos audiovisuais a celebrarse en 2022 e 2023, así como aquelas relativas ao financiamento do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia da Unión Europea.

QUINTA.- Compatibilidade con outras subvencións:

A achega económica no marco Programa 33XA «Cultura. Mecanismo de Recuperación e Resiliencia» do Organismo Autónomo Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou organismos internacionais segundo o previsto na normativa comunitaria que regula o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU e demais normativa aplicable.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo das actuacións subvencionadas.

De conformidade co disposto no artigo 14.1 da citada LGS e no artigo 33 do Regulamento, unha das obrigacións dos beneficiarios é a de comunicarlle á Deputación outras subvencións ou axudas que financien as finalidades subvencionadas.

A obtención de subvencións doutras Administracións ou de achegas de particulares, supoñerá a diminución da achega das Partes na mesma proporción á que represente a porcentaxe de financiamento asumido por estas.

SEXTA. Responsabilidades de publicidade e información:

As Partes farán constar o financiamento público na páxina da internet da entidade ou persoa xurídica beneficiaria, así como nos actos e materiais de comunicación offline e online e que se editen vinculados á actividade subvencionada mediante a inserción da frase «Co financiamento de», traducida na lingua galega no caso de contidos en galego, seguida do logotipo da Deputación de Pontevedra e do Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais, perfectamente lexible e identificable.



Ademais, tamén se deberá incluír de forma correcta e destacada o logotipo oficial do Plan e o emblema da Unión Europea precedida polo texto “Financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU” (traducido a outra lingua oficial en España cando cumpra) de maneira que permita identificar a orixe da axuda como parte do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. O Manual de Marca está dispoñible na páxina web do Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais (<https://planderrecuperacion.gob.es/identidade-visual>).

As Partes están obrigadas a realizar a actividade que fundamenta a concesión da axuda, sen que caiban cambios que afecten á esencia do obxecto ou a finalidade para a que se concedeu.

Así mesmo, deberán poñer en coñecemento do Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais, inmediatamente despois de producirse, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outros entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou internacionais para a mesma finalidade.

En todo caso deberán cumprir coas obrigas establecidas no artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, así como cumprir coas obrigacións, europeas e nacionais, relativas ao financiamento do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia da Unión Europea recollidas no apartado Cuarto, punto 3, letra e).

SÉTIMA. Modificación do Convenio:

As modificacións do Convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, previos os informes preceptivos da Unidade xestora e da Secretaría Xeral e Intervención da Deputación.

En cumprimento do establecido no artigo 34.1 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de Racionalización do Sector Público Autonómico, o presente Convenio poderá ser obxecto de modificación para o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

OITAVA. Seguimento dos traballos:

Para avaliar o desenvolvemento do Convenio e velar así polo cumprimento do estipulado, constituirase unha comisión de seguimento da execución do Convenio, formada por dúas persoas representantes, unha por parte da Deputación de Pontevedra e outra por parte de CREA Asociación Galega de Profesionais da Dirección e Realización, que actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido neste Convenio, promovendo, se o considera adecuado, outras actuacións que poidan enriquecer o seu desenvolvemento. A súa composición será a seguinte:

- Pola Deputación de Pontevedra, a persoa deputada provincial con competencias en materia de Cultura, ou a persoa na que delegue.*
- Por CREA Asociación Galega de Profesionais da Dirección e Realización, a persoa que exerza que ostente a súa Presidencia, ou a persoa na que delegue.*



A presidencia exercerá a persoa deputada provincial con competencias en materia de Cultura, ou a persoa na que delegue, quen tamén designará á persoa que exerza as funcións de secretaría, que actuará con voz, pero sen voto.

Nos casos de vacante, ausencia, enfermidade ou outra causa legal, a presidencia será ocupada pola persoa na que delegue.

NOVENA. Resolución do Convenio:

Este Convenio resolverase polas causas e cos efectos establecidos nos artigos 51 e 52 da Lei 40/2015. En particular resolverase polo incumprimento, total ou parcial, dalgunha das cláusulas que o regulan.

Ademais, serán causas de resolución do Convenio as seguintes:

- 1. Cumprimento do prazo de vixencia.*
- 2. Imposibilidade sobrevida para o seu cumprimento.*
- 3. Acordo das partes asinantes despois dunha reunión da comisión de seguimento.*
- 4. Incumprimento das obrigas dunhas das partes, comunicado de forma motivada por escrito con quince días de antelación. A resolución do Convenio por esta causa poderá dar lugar a indemnización dos danos e prexuízos causados.*

O réxime de obrigas e responsabilidades por incumprimentos que consten neste Convenio consideraranse instrumento axeitado para a determinación das correspondentes responsabilidades.

En calquera suposto de resolución anticipada as partes comprométense a finalizar as actividades en curso.

DÉCIMA. Duración e prórroga do Convenio:

Este Convenio terá unha duración ata o 31 de decembro de 2023, data máxima prevista para a execución das actividades subvencionadas.

Non obstante, segundo o previsto no artigo sexto da Resolución do 30 de decembro de 2021 da Dirección Xeral do Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais, pola que se convocan para o ano 2022 axudas para laboratorios e incubadoras de creación e desenvolvemento de proxectos audiovisuais a celebrarse en 2022 e 2023, as actividades obxecto do presente convenio poderán finalizar no primeiro semestre do ano 2024, sempre que foran coñecidas e comunicadas con anterioridade e inicien a súa actividade no último trimestre do ano 2023.

Este Convenio poderá prorrogarse de forma expresa a través da correspondente addenda, por outro ano máis, de conformidade co disposto no artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, sempre que as Partes, a través da correspondente Comisión de Seguimento, motiven a necesidade da devandita prórroga.

A tramitación, subscrición e efectos da prórroga que no seu caso se acorde efectuarase de acordo co previsto pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público e co resto da normativa aplicable.



DÉCIMO PRIMEIRA. Confidencialidade da información:

As partes comprométense ao intercambio dos datos e información técnica para o cumprimento efectivo de todos os termos deste Convenio coas garantías de confidencialidade que en cada caso se requiriran e permanecerá exclusivamente no ámbito de relación das mesmas partes e do persoal técnico que colabore nas actividades, obrigándose a mantelo en réxime de confidencialidade por prazo indefinido e con independencia da duración deste Convenio.

Toda a información e documentación intercambiada no marco do Convenio será propiedade das respectivas partes. As partes poderán darlle publicidade á existencia deste Convenio na forma en que ambas o determinen de mutuo acordo.

DÉCIMA SEGUNDA. Protección de datos:

As actuacións obxecto deste Convenio que impliquen o tratamento de datos de carácter persoal deberán respectar na súa integridade a normativa reguladora da protección de datos de carácter persoal.

En caso de darse tratamentos de datos persoais no contexto da execución de actividades no ámbito do presente Convenio, as partes poderán ser responsables, corresponsables ou encargados do tratamento dos datos persoais, sendo a comisión de seguimento do Convenio quen determine dita responsabilidade ou corresponsabilidade ou a posible existencia do encargo do tratamento, atendendo ao tratamento de datos persoais particular que teña lugar en cada caso.

DÉCIMA TERCEIRA. Notificación electrónica:

Tomando en consideración que todas as partes asinantes entran dentro dos suxeitos obrigados a relacionarse por medios electrónicos e, por tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas, segundo establece o artigo 14.2 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común, as notificacións realizaranse só por medios electrónicos.

DÉCIMO CUARTA. Cesión de competencias:

Este Convenio non supón, en ningún caso, a cesión de competencias dunha das partes á outra, nin tampouco a concesión, expresa ou implícita, de dereito ningún.

DÉCIMA QUINTA. Remisión do Convenio ao Tribunal de Contas:

Unha vez concluído o exercicio correspondente procederase á remisión do presente Convenio ao Tribunal de Contas de acordo co procedemento establecido na Resolución Presidencial nº 2017008767, de data 3 de maio de 2017, en relación co preceptuado no artigo 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, tendo en conta que os compromisos económicos da Deputación de Pontevedra derivados deste Convenio non superan os 600.000,00 euros.



DÉCIMO SEXTA. Réxime xurídico e lexislación aplicable:

Este convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións e no seu Regulamento de desenvolvemento aprobado polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público; as Bases de execución do orzamento das administracións asinantes; e demais normas que resulten de aplicación de dereito administrativo e, na súa falta, as normas de dereito privado.

Ao ser un proxecto no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, está suxeito á seguinte normativa:

- *Reglamento (UE) 2020/2094 do Consello, do 14 de decembro de 2020, polo que se establece un Instrumento de Recuperación da Unión Europea para apoiar a recuperación tras a crise da COVID-19.*
- *Reglamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia*
- *Resolución do 29 de abril de 2021, da Subsecretaría, pola que se publica o Acordo do Consello de Ministros, do 27 de abril de 2021, polo que se aproba o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.*
- *Real Decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.*
- *Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, polo que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.*
- *Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro polo que se establece o procedemento e formato da información para proporcionar polas Entidades do Sector Público Estatal, Autonómico e Local para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos de execución orzamentaria e contable das medidas do compoñente do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.*
- *E demais lexislación concordante de aplicación.*

*Despois de ler as dúas partes, este Convenio asínano como proba de conformidade as persoas intervinientes.
Documento asinado dixitalmente”*



Dito anexos son como seguen:

ANEXO I: Actuacións e desagregación por conceptos do orzamento financiable dentro do Proxecto Conecta LAB no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU

| Deputación de Pontevedra | | | |
|--|--|---|------------|
| Conceptos financiables | Subconceptos | Actuación | TOTAL en € |
| a.- Gastos de persoal e vinculados á actividade presencial | 1º. Gastos de persoal contratado especificamente para a actividade | Tutorización dos proxectos seleccionados, combinando o formato online e a asesoría presencial durante a residencia en San Simón: <u>16 unidades</u> (tutores e titoras) | 70.000,00 |
| | | Formación de obradoiros-masterclass, en formato presencial (aínda que retransmitidas tamén en streaming), durante a residencia en San Simón: <u>10 unidades</u> (5 en cada edición) cos seguintes contidos: - Marketing dixital e pitch - Elaboración de dossier - Procesos creativos - Novas ferramentas tecnolóxicas - Producción de proxectos autorais | 16.000,00 |
| | | Formación específica e/ou accións artísticas formativas, en formato presencial (aínda que retransmitidas tamén en streaming), durante a residencia en San Simón: <u>8 unidades</u> (4 en cada edición (8) cos seguintes contidos: - Preparación de Videopitch - Vjing + Performance - Live Cinema + performance – Corvax - Cinema expandido + performance | 11.000,00 |
| | | Encontro-xornada: NEXOS – CINE ARRAIANO: Encontro de cinema galego-cinema portugués Con mesas redondas, conferencias e encontros + proxeccións <u>2 unidades</u> (1 cada edición) Poñentes + Organización + Material de comunicación específico | 10.000,00 |
| | | Encontro-xornada: CINEMA E MULLER: Encontro para a análise da situación da muller dentro do eido audiovisual Con mesas redondas, conferencias e encontros + proxeccións <u>2 unidades</u> (1 cada edición) Poñentes + Organización + Material de comunicación específico | 10.000,00 |
| | Producción Conecta + 2 unidades (1 cada edición) Poñente charla e conferencia <i>pitch</i> | 1.000,00 | |
| | 4º. Servizos técnicos e aluguer de equipos para a realización de actividades | Aluguer de equipamentos técnicos durante a residencia en San Simón, para a organización dos encontros e o desenvolvemento das masterclass | 7.000,00 |
| Subtotal | | | 125.000,00 |



| | | | |
|--|--|--|-------------------|
| d.- Gastos en comunicación, prensa e publicidade | 3º. Gastos de materiais para os medios de comunicación | Materiais de comunicación Conecta + | 500,00 |
| Subtotal | | 500,00 | |
| e.- Gastos de desprazamento e aloxamento | 2º. Gastos de desprazamento con dentro de España | Desprazamentos de produtores/as Conecta + | 2.000,00 |
| | 3º. Gastos de aloxamento | Aloxamento de produtores/as Conecta + | 1.200,00 |
| Subtotal | | | 3.200,00 |
| h.- Gastos subvencionables con límites | 2º. Dietas | Dietas de produtores/as Conecta + | 800,00 |
| | 3º. Gastos protocolarios e de representación | Catering Conecta + | 5.000,00 |
| Subtotal | | | 5.800,00 |
| TOTAL | | | 134.500,00 |
| CREA Asociación Galega de Profesionais da Dirección e Realización | | | |
| Conceptos financiáveis | Subconceptos | Actuación | TOTAL en € |
| a.- Gastos de persoal e vinculados á actividade presencial | 1º. Gastos de persoal contratado especificamente para a actividade | Dirección xeral do proxecto | 36.000,00 |
| | | Producción xeral do proxecto | 24.000,00 |
| | 4º. Servizos técnicos e aluguer de equipos para a realización de actividades | Encontro-xornada: Conecta Networking: Encontro entre guionistas e profesionais da dirección. Xornada de networking previa á selección de proxectos Conecta LAB. <u>2 unidades</u> (1 cada edición) Poñentes + Organización + Material de comunicación específico | 5.500,00 |
| | | Aluguer de equipamentos técnicos durante a residencia en San Simón, para a organización dos encontros e o desenvolvemento das masterclass | 5.000,00 |
| | Subtotal | | |
| d.- Gastos en comunicación, prensa e publicidade | 1º. Gastos de contratación específica de axentes de prensa | Equipo de comunicación | 16.000,00 |
| | | Xestión de redes sociais | 3.000,00 |
| | 3º. Gastos de materiais para os medios de comunicación | Materiais de comunicación do proxecto | 2.000,00 |
| | | 4º. Gastos de campañas publicitarias | Publicidade |
| | 5º. Gastos de deseño gráfico para elementos de difusión ou comunicación | Páxina web, mantemento, xestión de contidos da páxina www.crea.gal/conectalab | 3.000,00 |
| Subtotal | | | 28.000,00 |



| | | | |
|---|--|--|------------|
| e.- Gastos de desprazamento e aloxamento | 1°. Gastos de desprazamento con destino a España | Desprazamentos de poñentes, titores/as e mentores/as, así como participantes de proxectos seleccionados | 6.000,00 |
| | 2°. Gastos de desprazamento dentro de España | Desprazamentos de poñentes, titores/as e mentores/as, así como participantes de proxectos seleccionados | 6.000,00 |
| | 3°. Gastos de aloxamento | Aloxamento e dietas de poñentes, titores/as e mentores/as, así como participantes de proxectos seleccionados | 16.000,00 |
| Subtotal | | | 28.000,00 |
| g.- Gastos de implantación de medidas de seguridade hixiénico-sanitarias e laborais | 2°. Gastos mantemento Illa San Simón | Materiais sanitarios e de protección; Seguridade; Limpeza, Seguro | 7.000,00 |
| Subtotal | | | 7.000,00 |
| h.- Gastos subvencionables con límites | 5°. Gastos ordinarios da entidade | Funxibles | 1.000,00 |
| Subtotal | | | 1.000,00 |
| TOTAL | | | 134.500,00 |

4.32185.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE GONDOMAR, NO MARCO DO PLAN CONCELLOS 2022-2023 LIÑA 1 – INVESTIMENTOS (ANUALIDADES 2022), CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “SANEAMENTO E PAVIMENTACIÓN NÚCLEO A ROCHELA. VILAZA”. (Expte. 2022013227)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021. Desta xeira o Plan Concellos é bienal, se ben segue a estar fornecido por fondos propios da Deputación de Pontevedra con destino á colaboración nas obras e servizos de competencia municipal dos 59 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia.

Por medio do Plan Concellos dáse cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), que regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente un plan provincial de cooperación coas obras e servizos de competencia municipal.



O Plan Concellos 2022-2023 mantendo o procedemento de concorrencia non competitiva e as tres liñas mestras como en anos anteriores, na Liña 1 Investimentos dótese de 30.500.000,00 € para o exercicio 2022 e de 30.500.000,00 € para o exercicio 2023, con cargo ás aplicacións orzamentarias 22/942.9425.762.45 e 23/942.9425.762.45 (Plan Concellos 22-23).

Mediante Resolución Presidencial nº 2021007177 de data 03/12/2021 aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello. Xunto a cantidade que lle corresponde a cada concello no exercicio 2022 e no exercicio 2023, tamén se fai saber a relación de débedas que ten o municipio coa institución provincial na data de publicación das Bases Reguladoras. Esta comunicación ten por obxectivo que as referidas débedas se abonen antes de que se presenten as solicitudes ao abeiro do Plan Concellos, de xeito que no caso de non terse producido o pagamento, a Deputación de oficio procede á detración por compensación dos importes debidos, ata extinguir a súa totalidade sobre a cantidade asignada ao exercicio 2022. A contía que resulta despois da detración de oficio, se reparte entre as tres Liñas subvencionables de acordo coa porcentaxe fixada na Base Reguladora 5ª.

O Plan Concellos aínda que sexa un instrumento de planificación provincial, segue a respectar e garantir a autonomía local xacando no exercicio 2022, lle corresponde a cada concello distribuír libremente as contías individuais respectivas segundo as súas necesidades, con cargo ás distintas liñas de subvención e con respecto aos límites establecidos nestas bases. No exercicio 2023, a contía asignada a cada concello destinarase integramente ao financiamento de investimentos, xa que esta cantidade non se pode aplicar ao financiamento das liñas 2 e 3. Sen prexuízo de realizar investimentos de carácter plurianual a través dos dous exercicios 2022 e 2023 consonte a lexislación orzamentaria.

De acordo coa Base Reguladora 8ª do POS 2022-23, a Liña 1 é de Investimentos, os cales inclúen todas as obras, subministracións, adquisición de bens inmoebles e propiedade inmaterial (plans urbanísticos, estudos de planificación estratéxica, plans de mobilidade sostible ...) para actividades e servizos que sexan de competencia municipal.

No marco da citada competencia municipal, a Deputación de Pontevedra tamén é consecuente cos novos postulados dos tempos actuais que lle tocan vivir tanto a cidadanía como ás administracións locais. Emporiso este Plan Concellos non só fai de interacción co Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima (PNIEC) 2021-2030, senón que tamén contribúe e favorece a observancia do principio de non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente recollido no artigo 17 do Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020, relativo ás inversións sostibles, e que é de aplicación á todos os plans.

En data 28/02/2022 con núm. de rexistro WEB2022010422, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan Concellos 2022-2023, petición do *Concello de Gondomar* na que solicita con cargo a cantidade que lle corresponde no reparto unha subvención por importe de 111.176,45 euros, con destino ao financiamento do



investimento “*Saneamento e pavimentación núcleo A Rochela. Vilaça*”. O Concello solicita, expresamente, o financiamento de execución de obra por importe de 107.524,67 € e da asistencia técnica á redacción do proxecto que ascendeu a 3.651,78 €, quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

| Anualidade/s | Orzamento- € | Subvención a cargo do POS-€ | Achegas doutras administracións públicas-€ | Fondos propios do Concello-€ |
|--------------|--|-----------------------------|--|------------------------------|
| 2022 | 111.176,45 (107.524,67 de obra +3.651,78 de redacción proxecto) | 111.176,45 | 0,00 | 0,00 |
| 2023 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 |
| TOTAL | 111.176,45 | 111.176,45 | 0,00 | 0,00 |

Consta no expediente o certificado relativo á titularidade do camiño núm. 136 do núcleo Rochela-Vilaza sobre o que se pretende actuar.

Constan no expediente as autorizacións dos propietarios das fincas sobre os que discorre parte do trazado.

Figura no expediente o informe do redactor do proxecto sobre a normativa sectorial, así como a petición realizada ante a entidade pública AXI.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 e achega a documentación requirida.

Fundamentación xurídica:

I.- Normativa examinada

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.



- Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020 relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles polo que se modifica o Regulamento UE 2019/2088.
- Regulamento Delegado (UE) da comisión de 4 de xuño de 2021, polo que se completa o Regulamento (UE) 2020/852, no cal se establecen os criterios técnicos de selección para determinar as condicións nas que se considera que unha actividade económica contribúe de forma substancial á mitigación do cambio climático ou á adaptación ao mesmo.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

II.- Consideracións xurídicas:

Instrución do expediente:

- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do servizo de intervención.

Petición e evacuación de informes:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.



- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2021, que indica que as propostas de concesións de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do investimento, no seu caso, e de fiscalización do Servizo de Intervención. Se algunha solicitude non se axusta a estas Bases Reguladoras, e por esta razón é informada desfavorablemente polos facultativos técnicos de Cooperación ou polo Servizo de Intervención, o Concello poderá presentar unha nova solicitude.

Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases Reguladoras 1ª e 8ª do Plan Concellos 2022-2023 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Base Reguladora 5ª 7ª do Plan Concellos 2022-2023 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña e exercicio, así como os criterios obxectivos de reparto.
- Bases Reguladoras 10ª 1 12ª do Plan Concellos 2022-2023 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.
- Artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local que dispón que na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non han de ser destinadas á financiación de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia.

Da xestión en cernes do ciclo da auga:

- No momento de ser aprobadas as Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 estaba pendente a tramitación a lexislación autonómica sobre a xestión integral do ciclo da auga. Ese texto é a Lei 1/2022, de 12 xullo, de mellora da xestión do ciclo integral da auga (DOG núm. 154 de 12 de agosto de 2022), que tal como se prevía de *legem ferendae*, permite acudir a convenios ou instrumentos de colaboración, que distribúen as competencias e as obrigas de financiamento entre Augas de Galicia e os distintos concellos que así o fagan, ademais da propia Deputación Provincial.



- De terse subscrito algún daqueles instrumentos de colaboración, de acordo coa Base Reguladora 7ª Bis, o concello interesado deberá de comunicalo a Deputación para esta poida efectuar a retención do importe da achega que por tal concepto lle corresponde ao ente provincial da cantidade asignada ao Concello no POS 2022-2023. E de non ser isto factible por terse concedido todas as axudas e iniciados os procedementos de licitación correlativos, a retención farase a cargo do importe das baixas, importe que xa non se poderá reutilizar nin nos proxectos primitivos, nin en novos investimentos ou con cargo a futuros plans de cooperación.
- O deber do concello de comunicar a adhesión ao convenio ou instrumento de colaboración haberase de realizar no prazo de 10 días naturais desde a súa formalización, e o seu incumprimento é causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do enxeñeiro xefe do servizo de Cooperación, de data 06/06/2022 e da xefa do servizo de Cooperación, de data 05/10/2022, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 11/10/2022, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Gondomar*, CIF P3602100D, a cantidade de 111.176,45 €, co obxecto do financiamento do investimento “*Saneamento e pavimentación núcleo A Rochela. Vilaça*” (Expte.2022013227) cun orzamento polo mesmo importe, distribuída segundo a seguinte táboa:

| Anualidade | Orzamento- € | Subvención a cargo do POS - € | Achegas doutras administracións públicas-€ | Fondos propios do Concello-€ |
|------------|--|-------------------------------|--|------------------------------|
| 2022 | 111.176,45 (107.524,67 de obra +3.651,78 de redacción proxecto) | 111.176,45 | 0,00 | 0,00 |
| TOTAL | 111.176,45 | 111.176,45 | 0,00 | 0,00 |

Non obstante, a presente concesión queda condicionada á resolución favorable da entidade pública AXI. Esta autorización deberá ser achegada, en todo caso, xunto coa primeira xustificación.

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2022/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao gasto.



- De acordo coa Base Reguladora 18ª do Plan Concellos 2022-2023, e de ser o caso, o Concello de Gondomar deberá comunicarlle á Deputación, no prazo de dez (10) días naturais a contar desde a súa formalización, a adhesión ao convenio ou ao instrumento equivalente para a xestión integral da auga, para poder iniciar a retención da totalidade da achega que por tal concepto lle corresponda á Deputación do Plan Concellos. O incumprimento desta obriga será causa de reintegro da subvención concedida con cargo a este plan.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan de Concellos 2022-2023, aprobadas polo acordo plenario de 26 de novembro de 2021 e publicadas no BOPPO núm. 230 de 27/11/2021 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, ao abeiro da Base Reguladora 21ª.2 do Plan Concellos 2022-2023, o investimento incluído na anualidade 2022, deberá estar executado o 31 de decembro de 2023 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2024. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Gondomar*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

5.32186.- APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DO INVESTIMENTO “HUMANIZACIÓN DA CONTORNA DA PRAZA DO CONCELLO”, DO CONCELLO DE MOAÑA, INCLUÍDO NO PLAN CONCELLOS 2021, E AUTORIZACIÓN DE REINVESTIMENTO DE BAIXA NO FINANCIAMENTO DO MODIFICADO. (Expte. 2021012493)

O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión do día 15/12/2020, aprobou as “Bases reguladoras e convocatoria do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2021”. Ditas bases e o extracto da convocatoria publicouse no BOPPO nº 1, do 04/01/2021.

No marco do devandito Plan, se lle concedeu ao *Concello de Moaña* mediante acordo núm. 7.30324 da Xunta de Goberno desta Deputación de data 21/05/2021, unha subvención por importe de 281.513,78 euros para o investimento “*Humanización da contorna da Praza do Concello*” (expediente:2021012493), cun orzamento polo mesmo importe.

A Xunta de Goberno do día 12/11/2021 mediante acordo núm. 16.30973 modifica o acordo referido no parágrafo anterior por cambio do proxecto aos efectos de que o investimento que se financia coa subvención da Deputación dentro do Plan Concellos 2021 poida ser executado nos termos establecidos polo *Concello*.



Mediante acordo da Xunta de Goberno Local, adoptado na sesión ordinaria celebrada en data 29/11/2021, se adxudica o contrato do investimento *ut supra* á empresa Servicios Medioambientales del Miño S.L. con CIF B27815182.

Mediante documento asinado en data 02/12/2021, se formaliza o contrato administrativo de referencia. Dito contrato figura asentado no Libro electrónico de contratos administrativos, celebrado polo *concello de Moaña* baixo a núm. 2021.0014.

En data 30/12/2021 consta acta de comprobación de replanteo por D^a Iris Zuñiga Álvarez e polo arquitecto do *Concello*, na condición de director de obra.

En data 11/03/2022, o director de obra emite informe no que solicita autorización do órgano de contratación para a redacción do proxecto modificado debidas a circunstancias sobrevidas que non podían ser previsibles no momento no que tivo lugar a licitación do contrato que non supoñen unha modificación substancial do proxecto inicial de humanizar unha rúa preexistente sen modificar o deseño e os materiais principais que fan posible dito obxecto.

En data 28/07/2022 o director de obra redacta o modificado do investimento “*Humanización da contorna da Praza do Concello*” e se pon de manifesto no decreto da alcaldía núm. 2022-0904 de data 23/09/2022, que consta unida ao expediente, o modificado implica un incremento do orzamento a financiar con cargo a baixa obtida na adxudicación do contrato.

En data 22/09/2022 consta entrada no rexistro da Deputación (ERB2022050565), escrito do *concello de Moaña* no que acolléndose ao establecido na base vixésima das Base Reguladoras do Plan Concellos 2021, solicita a tramitación do proxecto modificado para o investimento “*Humanización da contorna da Praza do Concello*” (Expte. 2021012493).

En data 14/07/2021 ten entrada no rexistro da sede electrónica da Deputación WEB20210288867, oficio do *concello de Moaña* no que adxunta o proxecto modificado do investimento “*Humanización da contorna da Praza do Concello*” (expediente: 2021012493) e solicita a conformidade da Deputación. O novo proxecto supón un incremento orzamentario de 20.251,30 € pasando de 281.513,78 euros a 301.765,08 €, financiado con cargo á baixa de adxudicación, sen alterar a finalidade, obxecto, nin a subvención outorgada pola Deputación.

En datas posteriores o *Concello* emenda a documentación presentada inicialmente.

Revisada a documentación remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases Reguladoras do Plan Concellos 2021 e achega a documentación requirida.



Fundamentos xurídicos:

Réxime Xurídico:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Carta Europea de Autonomía Local, Estrasburgo 15/10/1985.
- Bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2021.
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra (Ordenanza Xeral).
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio.
- Tratado de Funcionamento da Unión Europea.
- Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea.
- Regulamento de Bens das Corporacións Locais RD 1372/1986, de 13 de xuño.
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Lei 33/2003, de 3 de novembro do Patrimonio das Administracións Públicas.
- RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Consideracións Xurídicas:

Instrución do expediente:

- Base reguladora 16ª do Plan Concellos 2021, relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao servizo de Cooperación realizar as actuacións necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos expedientes, solicitando cantos informes considere convenientes.

Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.



- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial para o vixente exercicio, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinalan a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.

Resolución do expediente:

- Artigo 16 da Ordenanza Xeral de subvencións da Deputación que dispón que salvo que no acordo de concesión se estableza o contrario, a entidade beneficiaria da subvención poderá solicitar do órgano que as concede a modificación da resolución/acordo de concesión, incluídos os prazos de execución ou xustificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención ou axuda pública.
- A solicitude deberá estar suficientemente xustificada, presentándose de forma inmediata á aparición da circunstancia que a causa e con antelación á finalización do prazo de execución inicialmente concedido, salvo que para as modificacións se fixen outros prazos nas bases reguladoras da concesión,
- Base Reguladora 17ª do Plan Concellos 2021, que dispón que a modificación da resolución ou acordo de concesión “sen variar a tipoloxía inicialmente aprobada nin incrementar a contía subvencionada, estará suxeita ao cumprimento dos seguintes requisitos; a) Petición por parte do Concello, que deberá vir motivada, entre outras, nas seguintes circunstancias (...) Calquera outra circunstancia debidamente motivada e xustificada; b) Acordo do órgano competente do Concello que aproba as variacións operadas no proxecto, documento técnico, memoria valorada ou descritiva da actuación que se vai a levar a cabo”
- Base Reguladora 20ª do Plan Concellos 2021, que dispón que se durante a execución das obras xorde a necesidade de modificar o proxecto, o Concello deberá tramitar o correspondente expediente de acordo co establecido na normativa de contratación e redactar un proxecto modificado. Admitíranse a trámite modificacións que se poidan financiar co importe das baixas de adjudicación, de tal forma que o Concello, se o solicita expresamente, pode empregar a baixa de financiamento do proxecto modificado, será necesaria a autorización expresa do órgano competente da Deputación.



De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 30/09/2022, e da xefa do servizo de Cooperación de data 01/10/2022 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención Provincial, de data 10/10/2022, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar o proxecto modificado do investimento “*Humanización da contorna da Praza do Concello*” (Expte. 2021012493) que supón unha variación orzamentaria do proxecto orixinal
- Autorizar que parte da baixa obtida na adxudicación do contrato do investimento arriba subliñado se empregue no incremento do custe do orzamento modificado que pasa de 281.513,78 € a 301.765,08 €, sen alterar a subvención outorgada pola Deputación.
- O novo documento técnico non altera nin o obxecto nin a finalidade e co mesmo non se prexudican dereitos de terceiros.
- Manter os demais pronunciamentos do acordo da Xunta de Goberno núm. 7.30324 de data 21/05/2021.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Moaña*, a Intervención, ao Servizo de Cooperación, ao Gabinete da Presidencia.

6.32187.- AUTORIZACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DO INVESTIMENTO “SANEAMENTO NO CAMIÑO DA MANQUIÑA E EN BESADA (ALXÉN)”, INCLUÍDO NO PLAN CONCELLOS 2021, CONCELLO DE SALVATERRA DE MIÑO (Expte. 2021016116)

O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión do día 15/12/2020, aprobou as “*Bases reguladoras e convocatoria do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2021*”, que recolle os procedementos para conceder subvencións a 59 municipios da provincia para financiar actuacións e investimentos, propostas que deben estar relacionadas coas materias que os municipios exercen como competencias propias ou, en todo caso, as atribuídas por delegación, de conformidade co artigo 7 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e as distintas das propias e as de delegación segundo o artigo 3 da lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local. Ditas bases e o extracto da convocatoria publicouse no BOPPO nº 1, do 04/01/2021.

Mediante acordo da Xunta de Goberno, 8.30597 do día 23 de xullo de 2021, concedeuse ao Concello de Salvaterra de Miño no marco do Plan Concellos 2021, polo procedemento de concorrencia non competitiva, unha subvención por importe de 76.876,21 € con destino ao financiamento do investimento “*Saneamento do camiño da Manquiña e en Besada (Alxén)*” (Expte.2021016116), cun orzamento de 76.876,21 €, desagregado en orzamento de licitación de 74.985,81 € e honorarios de redacción do proxecto por importe de 1.890,40 €.



En data 24/08/2022, ten entrada no rexistro da sede electrónica da Deputación (WEB2022046276), instancia xenérica do Concello de Salvaterra de Miño na que solicita a tramitación do proxecto modificado das obras de “*Saneamento no camiño da Manquiña e en Besada (Alxén)*” (Expte.2021016116).

En data 06/09/2022, o Concello emenda as deficiencias observadas na documentación aportada inicialmente dando resposta así ao requirimento efectuado formalmente por este servizo.

Consta no expediente o proxecto modificado, o contrato de obra, o informe da dirección de obra e decreto da Alcaldía número 2022-0475 de data 12/08/2022 de aprobación do proxecto modificado.

Fundamentos xurídicos:

Réxime Xurídico:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Carta Europea de Autonomía Local, Estrasburgo 15/10/1985.
- Bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2021.
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra (Ordenanza Xeral).
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio.
- Sentenza do Tribunal Constitucional 41/2016, de 3 de marzo.
- Tratado de Funcionamento da Unión Europea.
- Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea.
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.

Consideracións Xurídicas:

Instrución do expediente:

- Base reguladora 16ª do Plan Concellos 2021, relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao servizo de Cooperación realizar as actuacións necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos expedientes, solicitando cantos informes considere convenientes.



Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial para o vixente exercicio, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinalan a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.

Resolución do expediente:

- Artigo 16 da ordenanza xeral de subvencións da Deputación que dispón que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, a entidade beneficiaria da subvención poderá solicitar do órgano que as concede a modificación da resolución de concesión, incluídos o prazos de execución e xustificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención ou da axuda pública.
A solicitude de modificación deberá estar xustificada, presentándose de forma inmediata á aparición das circunstancias que a motiven e con antelación á finalización do prazo de execución inicialmente concedido, salvo que para as modificacións se fixen outros prazos nas bases reguladoras.
- Base 20ª do Plan dos Concellos 2021, que dispón que se durante a execución das obras xorde a necesidade de modificar o proxecto, o Concello deberá tramitar o correspondente expediente de acordo co establecido na normativa de contratación e redactar un proxecto modificado.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do enxeñeiro xefe do servizo de Cooperación, de data 07/09/2022, e da xefa do servizo de Cooperación, de data 08/09/2022, que conclúe favorablemente a tramitación do proxecto modificado, e do informe da Intervención Provincial, de data 04/10/2022, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Autorizar o modificado do proxecto e de execución da obra “*Saneamento no camiño da Manquiña e en Besada (Alxén)*” (Expte.2021016116), aos efectos de que o investimento que se financia coa subvención da Deputación dentro do Plan Concellos 2021, poida ser executado nos termos establecidos polo Concello.



- Ao abeiro da base vixésimo primeira do Plan Concellos 2021, o investimento deberá estar executado o 30/11/2022, e xustificado na súa totalidade o 31/12/2022. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Salvaterra de Miño*, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

7.32188.- AUTORIZACIÓN DA PUBLICACIÓN DUN ANUNCIO DE INFORMACIÓN PREVIA PARA A CONTRATACIÓN DOS TRABALLOS DE RENOVACIÓN DAS INSTALACIÓNS PARA USO TÉRMICO DA BIOMASA NOS CONCELLOS DE CANGAS, A CAÑIZA, PORTAS, REDONDELA, TOMIÑO E VILABOA CORRESPONDENTES CO EXPEDIENTE FEDER-EELL-2020-INSTALACIÓNS DE BIMASA SOSTIBLES I DO IDAE FINANCIADO NUN 80 % POLO FEDER A TRAVÉS DO P.O.C.S. 2014-2020 (Expte. 2022058096)

A Deputación de Pontevedra, en colaboración con varios concellos da provincia presentou ao amparo das convocatorias de Economía Baixa en carbono para entidades locais do IDAE (Ministerio para a Transición Ecolóxica) os seguintes proxectos:

| Nome | Denominación do proxecto do IDAE | Orzamento (sen IVE) | Orzamento total (IVE incluído) |
|---|----------------------------------|---------------------|--------------------------------|
| Instalacións de biomasa sostibles I-Cangas | FEDER-EELL-2020-004535 | 87.063,31 € | 105.346,60 € |
| Instalacións de biomasa sostibles.-A Cañiza | FEDER-EELL-2020-004535 | 48.135,50 € | 58.243,96 € |
| Instalacións de biomasa sostibles.- Portas | FEDER-EELL-2020-004535 | 91.847,29 € | 111.135,22 € |
| Instalacións de biomasa sostibles.- Redondela | FEDER-EELL-2020-004535 | 87.017,25 € | 105.290,88 € |
| Instalacións de biomasa sostibles.- Tomiño | FEDER-EELL-2020-004535 | 30.873,60 € | 37.357,06 € |
| Instalacións de biomasa sostibles.- Vilaboa | FEDER-EELL-2020-004535 | 30.720,92 € | 37.172,31 € |
| | | 375.657,87 € | 454.546,03 € |

Considerando o disposto no art. 134 da Lei de Contratos do Sector Público que establece que os órganos de contratación poderán publicar un anuncio de información previa ó fin de dar a coñecer as características esenciais dos contratos de obras, subministros ou servizos suxeitos a regulación harmonizada que teñan proxectado adxudicar nos 12 meses seguintes.



O presente contrato é un contrato mixto que comprende prestacións de obra e de subministración. Para a determinación das normas que rexerán a adxudicación do mesmo atenderase ao carácter da prestación principal sendo ésta a de subministración.

Considerando o seu valor estimado, atopámonos ante un contrato suxeito a regulación harmonizada, polo que a publicación do referido anuncio previo permitirá reducir os prazos para a presentación de proposicións no conseguente procedemento de licitación sendo este de 15 días.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos que superen o importe de 60.000,00 €, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Autorizar a publicación dun anuncio de información previa co fin de dar a coñecer o contrato proxectado para a realización dos traballos de renovación das instalacións para uso térmico da biomasa nos concellos de *Cangas, A Cañiza, Portas, Redondela, Tomiño e Vilaboa* correspondentes co expediente feder-eell-2020-instalacións de biomasa sostibles I" do IDAE financiado nun 80 % polo FEDER a través do POCS2014-2020 , que comprende as seguintes actuacións:

| Lote | Denominación | Denominación do proxecto do IDAE | Orzamento (sen IVE) | Orzamento total (IVE incluído) |
|------|---|----------------------------------|---------------------|--------------------------------|
| 1 | Instalacións de biomasa sostibles I-Cangas | FEDER-EELL-2020-004535 | 87.063,31 € | 105.346,60 € |
| 2 | Instalacións de biomasa sostibles.-A Cañiza | FEDER-EELL-2020-004535 | 48.135,50 € | 58.243,96 € |
| 3 | Instalacións de biomasa sostibles.- Portas | FEDER-EELL-2020-004535 | 91.847,29 € | 111.135,22 € |
| 4 | Instalacións de biomasa sostibles.- Redondela | FEDER-EELL-2020-004535 | 87.017,25 € | 105.290,88 € |
| 5 | Instalacións de biomasa sostibles.- Tomiño | FEDER-EELL-2020-004535 | 30.873,60 € | 37.357,06 € |
| 6 | Instalacións de biomasa sostibles.- Vilaboa | FEDER-EELL-2020-004535 | 30.720,92 € | 37.172,31 € |
| | | | 375.657,87 € | 454.546,03 € |



O código CPV correspondente ao contrato é o seguinte:

| |
|---|
| Código CPV (Lotes 1 ao 6) |
| 42160000.- Instalacións de caldeiras |
| 45300000.-Traballos de instalación en edificios |

Dito anuncio será publicado no Diario Oficial da Unión Europea e no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra. O período cuberto polo anuncio de información previa será dun máximo de 12 meses a contar desde a data de envío á Oficina de Publicacións da Unión Europea.

8.32189.- ADMISIÓN DE EMPRESAS CANDIDATAS NO SISTEMA DINÁMICO DE ADQUISICIÓN PARA CONTRATAR OS SERVIZOS DE IMPRESIÓN DE DIVERSO MATERIAL, ENCADERNACIÓN E DISTRIBUCIÓN DE LIBROS (Expte. 2022015213)

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do día 8 de xullo do 2022, aprobou o expediente para implementar un *Sistema dinámico de adquisición para contratar os servizos de impresión de diverso material, encadernación e distribución de libros*, acordando o inicio da fase I de selección de candidatos.

O anuncio de licitación deste sistema enviouse á Oficina de publicacións da Unión Europea, e publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 20 de xullo do 2022, xunto cos pregos de cláusulas económico administrativas particulares, concedendo un prazo de 30 días naturais desde o envío á Oficina de publicacións da Unión Europea para a presentación inicial de solicitudes de adhesión, a través da plataforma de licitación electrónica VORTAL.

Conforme o prego, unha vez finalizado este prazo, comezará o de avaliación das candidaturas, no que a Mesa de Contratación seleccionará os licitadores en base ao cumprimento dos criterios establecidos nos pregos, sendo admitidos todos os solicitantes que cumpran cos criterios de capacidade e solvencia esixidos no prego.

Se a Mesa observase defectos emendables nos documentos presentados, comunicarao ás persoas candidatas afectadas, concedéndolles un prazo de tres días naturais para que poidan emendar tales defectos, entendendo, noutro caso, que a/o candidato desiste a súa inclusión.

Finalizada a avaliación confeccionarase a lista inicial de licitadores admitidos, aos que o órgano de contratación convidará a presentar oferta para a primeira contratación específica cando xurda a necesidade.



Para as novas incorporacións no sistema, dentro do dez primeiros días de cada un dos meses será resolta a selección de todos aqueles empresarios que solicitasen a entrada no sistema desde a última resolución de selección.

A Mesa de Contratación, na reunión celebrada día 7 de outubro 2022, procedeu á avaliación da única candidatura presentada desde o último acordo do órgano de contratación, e que corresponde coa empresa Artes Gráficas Jadfel, S.L. (NIF: B36891703). A Mesa de Contratación na citada reunión acordou seleccionar á empresa Artes Gráficas Jadfel, S.L. (NIF: B36891703) por ter acreditado que cumpre cos criterios de selección establecidos no prego, e propoñerlle ao órgano de contratación a admisión da mesma nas categorías I e II do Sistema dinámico de adquisición para contratar os servizos de impresión de diverso material, encadernación e distribución de libros.

Considerando que o artigo 225.4 da LCSP sinala que os órganos de contratación informarán o antes posible á empresa que solicitou adherirse ao sistema dinámico de adquisición de si foi admitida ou non.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Admitir á empresa Artes Gráficas Jadfel, S.L. (NIF: B36891703) nas seguintes categorías do Sistema Dinámico de adquisición para contratar os servizos de impresión de diverso material:
 - Categoría I: Principal: Servizos de impresión e servizos conexos 79800000-2
Servizos de encuadernación y acabado de libros 79971000-1.
 - Categoría II: Principal: Servizos de impresión e distribución 79824000-6
Servizos de encuadernación y acabado de libros 79971000-1.
2. A empresa admitida deberá formalizar o acordo de admisión ao sistema en documento administrativo, que se porá a súa disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra unha vez transcorrido o prazo de quince días hábiles, contados desde que se remita a notificación deste acordo ás empresas licitadoras.

Os servizos dependentes do órgano de Contratación requiriranlle á empresa seleccionada para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días contando desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxese recurso que comporte a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederán cando o órgano competente para a resolución do recurso levantase a suspensión.



3. O inicio do SDA comezará tras a finalización da primeira selección, unha vez publicado este acordo no perfil de contratante e formalizado o contrato de adhesión.

A data de comezo indicárase no documento de formalización e ata o 31 de decembro de 2023.

Estabéllese a posibilidade de dúas prórroga cunha duración dun ano.

- 9.32190.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DO CLUB BALONMÁN CAÑIZA, Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA “TORNEO INTERNACIONAL DO CONDADO PARADANTA”, APROBADA Ó SEU FAVOR EN XUNTA DE GOBERNO DE DATA 16/09/2022 (Expte.2022026390)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación provincial de data 16 de setembro de 2022 unha subvención a favor do *Club Balonmán Cañiza* con NIF: G36320729, do concello da Cañiza, por un importe de 696,12 €, para o “*Torneo Internacional Condado Paradanta*” e con cargo á aplicación 22/340.3410.489.04, e recibido escrito, presentado no Rexistro Web nº 2022052057 con data 03/10/2022 do citado club renunciando á subvención concedida dado non se celebrou dito evento polo que, a Xunta de Goberno queda enterada e acepta dita renuncia, de acordo co artigo 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

- 10.32191.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DE DÑA. LUCIA GONZALEZ CARBALLO Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA “FORMACIÓN DE TÉCNICAS E ADESTRADORAS 2021”, APROBADA Ó SEU FAVOR POR RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL Nº2021007848 DE DATA 29/12/2021 (Expte. 20210062848)

Aprobada pola Resolución Presidencial número 2021007848 desta Deputación provincial de data 29 de decembro de 2021 unha axuda a favor de *Lucia González Carballo* con NIF: xxx2930xx do concello de *Salceda de Caselas*, por un importe de 144,00 €, para “*Formación de mulleres nos postos de técnicas e adestradoras*” e con cargo á aplicación 21/340.3410.489.06, e recibido escrito presentado no Rexistro Web nº 2022052305 con data 04/10/2022 renunciando á axuda concedida por non realizar o curso de adestradora ao non ser convocados pola Federación Galega de Balonmán en tempo e forma, a Xunta de Goberno queda enterada e acepta dita renuncia, de acordo co artigo 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.



11.32192.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DO CONCELLO DE REDONDELA Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA A “ACTUACIÓN NA FONTE RAÍÑA E CONSERVACIÓN DO PETO DE ÁNIMAS E CRUCEIRO EN CEDEIRA”, APROBADA Ó SEU FAVOR EN XUNTA DE GOBERNO DE DATA 10/12/2021 (Expte. 2021051054)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación provincial, na súa sesión do día 10 de decembro de 2021, unha subvención a favor do *Concello de Redondela*, con NIF: P3604500C, para a “*Actuación na fonte Raíña e conservación do peto de ánimas e cruceiro en Cedeira*”, por un importe de 28.449,47€, con cargo á aplicación 22/332.3322.762.00.2021, e recibido escrito do concello interesado na sede electrónica, con data 5 de outubro de 2022 (núm. de rexistro WEB2022052449), a través do cal renuncia á subvención concedida no seu día por non poder cumprir cos prazos de xustificación como consecuencia de requirimento de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia, a Xunta de Goberno queda enterada e acepta a dita renuncia e declara concluso o citado procedemento, de acordo co disposto no artigo 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

12.32193.- RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE OBRIGAS

Vista a relación de facturas con número 2022062166, que contén 29 facturas e por un importe de 101.428,47 €, e con CSV: UA514NB7Q5B85MAW, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 05/10/2022, e o/os xefe/s de servizo ou responsables dos centros Xestores, no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas e que necesitan a súa aprobación polo sistema de recoñecemento extraxudicial de créditos, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

| | |
|--|--------------|
| Importe total..... | 101.428,47 € |
| Descontos do IRPF..... | 0,00 € |
| Descontos do IVE soportado deducible..... | 0,00 € |
| Descontos do honorarios técnicos externos..... | 0,00 € |
| Outros descontos..... | 0,00 € |
| Total líquido..... | 101.428,47 € |

Pola Presidenta maniféstase que asina con disconformidade e por imperativo legal, pois está en contra dos recoñecementos extraxudiciais de crédito. Manifesta que a partir de agora só se aprobarán recoñecementos extraxudiciais de créditos de xeito extraordinario por razóns non previsibles.



13.32194.- MODIFICACIÓN DO PRAZO PARA ACREDITAR O INICIO DA TRAMITACIÓN DO PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN DAS ACTUACIÓNS OBXECTO DE AXUDA DO EXPEDIENTE IDAE NÚM. FEDER-EELL-2020-005816 “ILUMINACIÓN EXTERIOR SOSTIBLE XIII: RENOVACIÓN DAS INSTALACIÓN DE ALUMEADO EXTERIOR DOS MUNICIPIOS DE MEIS, MEAÑO E VILANOVA DE AROUSA”.
 (Expte. 2020043392)

No expediente consta o informe da Xefa do servizo de cooperación que literalmente se transcribe: “*Á vista da Resolución favorable de concesión da axuda polo IDAE con destino ao proxecto IDAE NÚM. FEDER-EELL-2020-005816 “Iluminación exterior sostible XIII: renovación das instalacións de alumeado exterior dos municipios de Meis, Meaño e Vilanova de Arousa”, e co obxecto de solicitar a modificación da axuda concedida mediante Resolución favorable do Director Xeral do IDAE con rexistro de entrada na Deputación de Pontevedra número 2022010402 e data 22/04/2022 a Xefa do Servizo de Cooperación, emite o seguinte:*

I. ANTECEDENTES

- *Dentro das competencias que lle atribúe a Lei 7/1985, do 2 de abril (BOE núm. 80 do 3 de abril), reguladora das Bases de Réxime Local ás deputacións provinciais está, segundo o artigo 36.1.d, a “cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito”.*
- *Que mediante Resolución presidencial número 2020004698 e data de 17/12/2020, a Deputación aprobou a presentación da solicitude de axudas co título “Iluminación exterior sostible XIII” no marco da “Medida 6. Renovación das instalacións de alumeado, iluminación e sinalización exterior” definida no anexo I do Real decreto 616/2017, de 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións aos proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha Economía Baixa en Carbono, no marco do Programa Operativo FEDER de Crecemento Sostible 2014-2020 (modificado polo Real Decreto 316/2019, de 26 de abril)*
- *En data 21/12/2020 preséntase ante o IDAE o proxecto denominado “Iluminación exterior sostible XIII: renovación das instalacións de alumeado exterior dos municipios de Meis, Meaño e Vilanova de Arousa”, asignándosele o rexistro núm. 202000017112. Tras a súa avaliación, en data 22/04/2022 (registro de entrada número: 2022010402) recíbese Resolución do Director Xeral do IDAE na que se estima favorablemente a solicitude, e concédese a subvención con cargo a FEDER por importe de 274.855,56 euros, asignándosele o número de proxecto FEDER-EELL-2020-005816.*
- *O obxecto do proxecto consiste na mellora da eficiencia enerxética das instalación de alumeado, iluminación e sinalización exterior dos concellos. Con esta actuación conseguirase un aforro estimado no consumo do 30%.*
- *Na devandita resolución, pola que se estima favorablemente a solicitude de axuda á Deputación de Pontevedra para o proxecto citado resólvese, entre outras, as seguintes cuestións:*

Importe da axuda concedida

Conceder á Deputación de Pontevedra, titular de NIF: P3600000H, unha axuda por importe máximo de 274.855,56€.



Costo elixible admitido para o proxecto

O custo elixible admitido é o seguinte:

| MUNICIPIO | MEDIDA | INSTALACIÓN | INVERSIÓN TOTAL ADMITIDA (€) | COSTE ELEGIBLE ADMITIDO (€) | INGRESOS NETOS (€) | *COSTE SUBVENCIONABLE ADMITIDO (€) | AYUDA A OTORGAR (€) (Cofinanciación FEDER) |
|--------------------|----------|--|------------------------------|-----------------------------|--------------------|------------------------------------|--|
| MEAÑO | Medida 6 | Alumbrado público exterior en el municipio de Meaño | 100.525,35 | 100.525,35 | 0,00 | 100.525,35 | 80.420,28 |
| MEIS | Medida 6 | Alu'mbrado Público exterior en el municipio de Meis | 90.181,88 | 90.181,88 | 0,00 | 90.181,88 | 72.145,50 |
| VILANOVA DE AROUSA | Medida 6 | Alumbrado Público exterior en el municipio de Vilanova de Arousa | 152.862,23 | 152.862,23 | 0,00 | 152.862,23 | 122.289,78 |
| | | TOTAL | 343.569,46 | 343.569,46 | 0,00 | 343.569,46 | 274.855,56 |

Aceptación da axuda.

De conformidade co previsto no apartado 7 do artigo 13 das bases que rexen esta convocatoria, o beneficiario deberá notificar ao IDAE a súa aceptación da resolución e as condicións nela impostas, no prazo máximo de (30) trinta días naturais desde a data de recepción da resolución pola que se acorde a selección do proxecto, mediante escrito dirixido ao Órgano Instrutor, facendo referencia á notificación recibida.

Condicións e termos da concesión da axuda

Nun prazo máximo de (6) seis meses desde a notificación da resolución de concesión de axuda, o beneficiario deberá acreditar iniciar a tramitación dos procedementos de contratación das subministracións, obras e servizos necesarios para a execución das actuacións, ou aquelas outras accións precisas para cumprir cos prazos de execución previstos no proxecto. Esta acreditación realizarase mediante a achega, a través da aplicación informática establecida na web do IDAE, de copia dos anuncios publicados nos Diarios Oficiais, a Plataforma de Contratación do Estado, Perfil de Contratante ou, no seu caso, certificados que acrediten fidedignamente o inicio das actuacións previstas.

O prazo máximo para a conclusión das actuacións aollidas á convocatoria é o 31 de xullo de 2023, a cuxo efecto deberá achegarse un certificado final de obra, onde conste dita data, asinado polo técnico competente, todo iso salvo a eventual ampliación do prazo de execución nos termos previstos no artigo 14.3 da convocatoria de axudas, que en calquera caso estará supeditada ao cumprimento dos prazos para verificación e certificación establecidos no Programa Operativo FEDER Plurirrexional de España 2014-2020 (POPE) para o ano 2023.

- Neste sentido e conforme ao recollido no artigo 214 do TRLRFL, a Intervención da Deputación de Pontevedra o 27/04/2022 emitiu informe favorable previo á aceptación da axuda concedida, indicando que “corresponde á Xunta de Goberno, en aplicación da base número 16 das aprobadas para a execución do vixente orzamento



- *A Xunta de Goberno da Deputación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 06 de maio de 2022, adoptou, entre outros, o acordo número 7.31677 de aceptación da axuda concedida polo Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE) ao proxecto IDAE núm. FEDER-EELL-2020-005816 “Iluminación exterior sostible XIII: renovación das instalacións de alumado exterior dos municipios de Meis, Meaño e Vilanova de Arousa” e concesión da axuda comprometida pola Deputación ao seu amparo aos concellos beneficiarios (Expte.2020043392).*
- *O 07/07/2022 asínase o “Convenio de colaboración entre a Deputación provincial de Pontevedra e o concello de Vilanova de Arousa para levar a cabo dentro do seu termo municipal as actuacións recollidas no proxecto IDAE NÚM. FEDER-EELL-2020-005816 “Iluminación exterior sostible XIII: renovación das instalacións de alumado exterior dos municipios de Meis, Meaño e Vilanova de Arousa” no que, entre outras cuestións, o Concello de Vilanova de Arousa comprométese a facer unha achega de fondos propios polo importe de 15.286,23 euros para cofinanciar as actuacións do proxecto.*
- *En data 14/09/2022 con número de rexistro WEB2022049332, o concello de Vilanova de Arousa presenta na sede electrónica da Deputación de Pontevedra unha instancia na cal expón que debido a que neste exercicio non pode asumir a totalidade da achega polo importe de 15.286,23 euros, comprometida en virtude do citado Convenio, asinado o 07/07/2022, propón o fraccionamento do pago polo que é preciso tramitar unha addenda ao convenio referido.*
- *En data 30/09/2022 asínase a “Addenda número 1 ao convenio de colaboración entre a Deputación provincial de Pontevedra e o concello de Vilanova de Arousa para levar a cabo dentro do seu termo municipal as actuacións recollidas no proxecto IDAE NÚM. FEDER-EELL-2020-005816 “Iluminación exterior sostible XIII: renovación das instalacións de alumado exterior dos municipios de Meis, Meaño e Vilanova de Arousa” para a modificación do financiamento da achega municipal. Polo que o importe de mil cento un euros con dez céntimos de euro (1.101,10€) que corresponde á redacción do proxecto, ingresaríase no momento da sinatura desta addenda e a cantidade restante, que ascende a catorce mil cento oitenta e cinco euros con trece céntimos de euro (14.185,13€) será financiada con cargo a fondos propios do concello de Vilanova de Arousa e ingresarase en todo caso, antes de que finalice o mes de xaneiro do ano 2023 co fin de xerar o crédito necesario nas aplicacións correspondentes.*
- *Ante a demora acumulada debido a esta circunstancia imprevista, co fin de garantir o deber do beneficiario de acreditar a iniciación dos procedementos de contratación precisas para a execución das actuacións obxecto de axuda, e non prexudicando os intereses de terceiros é aconsellable a ampliación do prazo máximo de (6) meses, regulado no 13.8. b do Real Decreto 616/2017, en (3) seis meses adicionais; sendo deste xeito o 22/01/2023 a data máxima para realizar o citado trámite de acreditación ante o IDAE da iniciación dos procedementos de contratación relativos á execución das actuacións do proxecto FEDER-EELL-2020-005816.*

II. FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA NORMATIVA EXAMINADA

- *Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo (RLXS)*
- *Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL)*
- *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP)*



- *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG)*
- *Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL)*
- *Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL)*
- *Real Decreto 616/2017, do 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do Programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020 (Real Decreto 616/2017)*
- *Real Decreto 316/2019, do 26 de abril, polo que se modifica o Real Decreto 616/2017, do 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020.*

CONSIDERACIONES XURÍDICAS

Competencia:

- *O artigo 13.8. a do Real Decreto 616/2017 que establece que nun prazo máximo de (6) seis meses desde a notificación da resolución de concesión da axuda, o beneficiario debe acreditar o inicio da tramitación dos procedementos de contratación precisos para a execución das actuacións obxecto de axuda, mediante a achega, a través da aplicación informática establecida na web do IDAE, de copia dos anuncios publicados nos Diarios Oficiais, a Plataforma de Contratación do Estado, Perfil de Contratante ou, no seu caso, certificados que acrediten fidedignamente o inicio das actuacións previstas.*
- *De conformidade co previsto o artigo 14 do Real Decreto 616/2017, as condicións iniciais obxecto da resolución da solicitude correspondente poderán ser modificadas, sempre que os cambios non afecten os obxectivos perseguidos polo presente real decreto ou aos aspectos fundamentais das actuacións propostas, que sempre deberán estar en consonancia co establecido no POCS. A modificación da resolución haberá de ser solicitada polo beneficiario antes de que conclúa o prazo para a realización da actuación subvencionable e a decisión sobre a aceptación ou non da devandita solicitude de modificación corresponderá ao Director Xeral do IDAE, que ditará a correspondente resolución estimando ou desestimando a modificación solicitada. No caso de estimarse a modificación solicitada, a resolución conterá o contido mínimo establecido no artigo 13.5, resultando aplicables, igualmente, as previsións contidas respecto á aceptación do beneficiario no apartado 7 do mesmo precepto.*
- *De conformidade co artigo 64 Real do Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, unha vez recaída a resolución de concesión, o beneficiario poderá solicitar a modificación do seu contido, se concorren as circunstancias previstas a tales efectos nas bases reguladoras, tal como establece o artigo 17.3 l) da Lei, que se poderá autorizar sempre que non dane dereitos de terceiros. A solicitude deberá presentarse antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.*
- *Tendo en conta o artigo 32 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no que se indica que a Administración, salvo precepto en contrario, poderá conceder de oficio ou a pedimento dos interesados, unha ampliación dos prazos establecidos, que non exceda da metade dos mesmos, se as circunstancias o aconsellan e con iso non se prexudican dereitos de terceiros. O acordo de ampliación deberá ser notificado aos interesados. Tanto a petición dos interesados como a decisión sobre a ampliación deberán producirse, en todo caso, antes do vencemento do prazo de que se trate.*



- Segundo o establecido na base 16ª das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto no artigo 35 da LRBRL, e no artigo 17 do RLGs, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.
- Artigo 36.1.d) da LRBRL polo que á Deputación compételle a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social na planificación do territorio provincial de acordo coas competencias das demais administracións.
- Artigo 26.1.a) da LRBRL, que establece como servizo a prestar en todo caso en todos os concellos a iluminación pública.

Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- Artigo 172 do ROFRXEL, que dispón que o xefe da Dependencia á que corresponda tramitar o expediente deberá emitir un informe, expoñendo os antecedentes e as disposicións legais ou regulamentarias en que funde o seu criterio.

Resolución do expediente:

- Artigo 2 da LSG, en concordancia co artigo 2 da LXS, que na definición de subvención vincula a disposición de diñeiro entre outros requisitos, a que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, á execución dun proxecto, á realización dunha actividade, ou á adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, debendo o beneficiario cumprir as obrigacións materiais e formais que se establecerán.
- Artigo 62 do RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 11.a) da LSG, en concordancia co artigo 14.1.a) da LXS, que establece como obriga do beneficiario cumprir o obxectivo ou executar o proxecto que fundamenta a concesión da subvención.
- Artigo 36.2.b) da LRBRL, polo que as deputacións poderán conceder subvencións con cargo aos seus propios recursos para a realización e mantemento de obras e servizos municipais.
- Artigo 14 do Real Decreto 616/2017, do 16 de xuño, polo que as condicións iniciais obxecto da resolución da solicitude correspondente poderán ser modificadas, sempre que os cambios non afecten os obxectivos perseguidos polo presente real decreto ou aos aspectos fundamentais das actuacións propostas, que sempre deberán estar en consonancia co establecido no POCS.



III.- CONCLUSIONES:

O proxecto IDAE NÚM. FEDER-EELL-2020-005816 “Iluminación exterior sostible XIII: renovación das instalacións de alumado exterior dos municipios de Meis, Meaño e Vilanova de Arousa” no marco das actuacións ao abeiro do programa de Economía Baixa en Carbono, foi presentado ante o IDAE pola Deputación co fin de mellorar a eficiencia enerxética das instalacións de alumado, iluminación e sinalización exterior dos concellos. Con esta actuación conseguírase un aforro estimado no consumo do 30%.

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 06 de maio de 2022, adoptou, entre outros, o acordo número 7.31677 de aceptación da axuda concedida polo Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE) ao proxecto IDAE núm. FEDER-EELL-2020-005816 “Iluminación exterior sostible XIII: renovación das instalacións de alumado exterior dos municipios de Meis, Meaño e Vilanova de Arousa”. Trala sinatura, o 07/07/2022, do correspondente “Convenio de colaboración entre a Deputación provincial de Pontevedra e o concello de Vilanova de Arousa” en virtude do cal concello de Vilanova de Arousa comprometeu a facer unha achega de fondos propios polo importe de 15.286,23 euros para cofinanciar as actuacións do proxecto, o propio concello de Vilanova de Arousa, en data 14/09/2022 solicita a modificación do convenio que debido a que neste exercicio non pode asumir a totalidade da achega comprometida.

Para dar resposta á petición realizada desde o concello de Vilanova de Arousa, en data 30/09/2022 asíñase a “Addenda número 1 ao convenio de colaboración entre a Deputación provincial de Pontevedra e o concello de Vilanova de Arousa para levar a cabo dentro do seu termo municipal as actuacións recollidas no proxecto IDAE núm. FEDER-EELL-2020-005816 “Iluminación exterior sostible XIII: renovación das instalacións de alumado exterior dos municipios de Meis, Meaño e Vilanova de Arousa”” mediante a que se modifica o financiamento da achega municipal de tal xeito que o importe de mil cento un euros con dez céntimos de euro (1.101,10€) que corresponde á redacción do proxecto, ingresárase no momento da sinatura desta addenda e a cantidade restante, que ascende a catorce mil cento oitenta e cinco euros con trece céntimos de euro (14.185,13€) será financiada con cargo a fondos propios do concello de Vilanova de Arousa e ingresárase en todo caso, antes de que finalice o mes de xaneiro do ano 2023 co fin de xerar o crédito necesario nas aplicacións correspondentes.

Como consecuencia desta circunstancia imprevista manifestada polo concello de Vilanova de Arousa, o procedemento de contratación non se puido iniciar ata a data, polo que é aconsellable a ampliación do prazo máximo de (6) meses para acreditar ante o IDAE a iniciación dos procedementos de contratación precisos para a execución das actuacións obxecto de axuda.

Examinados os antecedentes e a motivación legal exposta, para garantir a correcta execución do citado proxecto é necesario a ampliación do prazo máximo de (6) meses, regulado no 13.8. b do Real Decreto 616/2017, en (3) tres meses adicionais; sendo deste xeito o 22/01/2023 a data máxima para realizar o citado trámite de acreditación ante o IDAE da iniciación dos procedementos de contratación relativos á execución das actuacións do proxecto FEDER-EELL-2020-005816.

Esta ampliación de (3) meses só afecta ao trámite para a acreditación do inicio dos procedementos necesarios das contratacións para a execución das actuacións do citado expediente, manténdose invariable o prazo máximo para a conclusión das actuacións que será o 31/07/2023.

En consecuencia a solicitude de ampliación é previa á finalización dos prazos máximos, tanto do prazo para acreditar a formalización dos contratos como do prazo máximo establecido para a execución das actuacións recollidas no proxecto.



Nesta mesma liña conclúese que a concesión da ampliación do prazo para acreditar o inicio da tramitación dos contratos para a execución das actuacións recollidas no proxecto IDAE NÚM. FEDER-EELL-2020-005816 “Iluminación exterior sostible XIII: renovación das instalacións de alumeado exterior dos municipios de Meis, Meaño e Vilanova de Arousa” non constitúe un prexuízo a terceiros.

Por todo o exposto, e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereitos aplicables, INFORMO FAVORABLEMENTE a tramitación deste expediente e PROPOÑO a MODIFICACIÓN DO PRAZO PARA ACREDITAR O INICIO DA TRAMITACIÓN DO PROCEDIMENTO DE CONTRATACIÓN DAS ACTUACIÓNS OBXECTO DE AXUDA DO EXPEDIENTE IDAE NÚM. FEDER-EELL-2020-005816 “ILUMINACIÓN EXTERIOR SOSTIBLE XIII: RENOVACIÓN DAS INSTALACIÓN DE ALUMEADO EXTERIOR DOS MUNICIPIOS DE MEIS, MEAÑO E VILANOVA DE AROUSA”.

IV. RÉXIME COMPETENCIAL

En virtude do establecido na base 16ª das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto no artigo 35 da LRBRL, e no artigo 17 do RLXS, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno. Este informe non ten carácter vinculante, de feito que o órgano competente co seu superior criterio decidirá.

Pontevedra, na data da sinatura electrónica.

*A xefa do servizo de Cooperación
Marina Piñeiro Novo”*

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes da Xefa do Servizo de Cooperación do 07/10/2022, e da Intervención Provincial de data 10/10/2022, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Solicitar ao Instituto de Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE) a modificación do prazo de (6) seis meses dende a notificación da resolución de concesión da axuda, para acreditar que se formalizaron as contratacións necesarias para a execución das actuacións obxecto de axuda ao proxecto denominado IDAE NÚM. FEDER-EELL-2020-005816 “Iluminación exterior sostible XIII: renovación das instalacións de alumeado exterior dos municipios de Meis, Meaño e Vilanova de Arousa”, cuxo vencemento é 22/10/2022, en (3) tres meses adicionais; ampliándose deste xeito o prazo máximo para acreditar a devandita formalización ao 22/01/2023.
- Darlle traslado do presente acordo ao Instituto de Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE), a Intervención, ao Servizo de Cooperación cos Municipios e ao Gabinete de Presidencia.



14.32195.- CORRECCIÓN DE ERRO NO ACORDO ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO NA SESIÓN DO DÍA 7 DE OUTUBRO DE 2022 (ACORDO 7.32168), RELATIVO Á ADXUDICACIÓN DO PROCEDIMENTO ABERTO CONVOCADO PARA CONTRATACIÓN DA RENOVACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE ILUMINACIÓN EXTERIOR CORRESPONDENTE COS EXPEDIENTES FEDER EELL-2020-004168, FEDER-EELL-2020-004561, FEDER-EELL-2020-004515, FEDER-EELL-2020-004530 E FEDER-EELL-2020-004626 DO I.D.A.E. FINANCIADOS NUN 80% POLO FEDER A TRAVÉS DO P.O.C.S. 2014-2020. (Expte. 2022044656)

Mediante acordo da Xunta de Goberno número 7.32168 de data 7 de outubro de 2022 acordouse a adxudicación dos cinco lotes do contrato de renovación das instalacións de iluminación exterior correspondentes cos expedientes FEDER EELL-2020-004168, FEDER EELL-2020-004561, FEDER EELL-2020-004515, FEDER EELL-2020-004530, e FEDER EELL-2020-004626 do IDAE financiados nun 80% polo FEDER a través do POCS 2014-2020, resultando adxudicatario do lote nº3.- Iluminación exterior sostible VII) a empresa *Electricidad Inmac Condado SL* (CIF B-36.803.384).

Resultando que en dito acordo advertiuse un erro no importe relativo ao IVE (21%) e o importe total de adxudicación do referido lote nº3 adxudicado a *Electricidad Inmac Condado SL*.

Considerando que as Administracións Públicas poden rectificar en calquera momento, de oficio, os erros materiais, de feito ou aritméticos producidos nos seus actos, de acordo co estipulado no artigo 109.2 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Considerando que a Disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta á Ilma Presidenta para actuar coma órgano de contratación respecto a este contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Rectificar o citado acordo nº 7.32168 da Xunta de Goberno no seguinte senso:

ONDE DI:

- *Lote nº3 (Iluminación exterior sostible VII) a empresa Electricidad Inmac Condado SL (CIF B-36.803.384) polos seguintes importes e de acordo coas seguintes condicións ofertadas:*

| <i>Empresa adxudicatario</i> | <i>Importe (sen IVE)</i> | <i>IVE (21%)</i> | <i>Importe total</i> |
|--------------------------------------|--------------------------|--------------------|----------------------|
| <i>Electricidad Inmac Condado SL</i> | <i>491.728,68 €</i> | <i>96.267,91 €</i> | <i>554.686,54 €</i> |



DEBE DICIR:

- *Lote nº3 (Iluminación exterior sostible VII) a empresa Electricidad Inmac Condado SL (CIF B-36.803.384) polos seguintes importes e de acordo coas seguintes condicións ofertadas:*

| <i>Empresa adxudicataria</i> | <i>Importe (sen iva)</i> | <i>IVE (21%)</i> | <i>Importe total</i> |
|--------------------------------------|------------------------------|---------------------|----------------------|
| <i>Electricidad Inmac Condado SL</i> | <i>491.728,68 €</i> | <i>103.263,02 €</i> | <i>594.991,70 €</i> |

15.32196.- COMUNICACIÓNS

Non houbo.

16.32197.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar pola Sra. Presidenta, sendo as once horas e quince minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina a Ilma. Sra. Presidenta, comigo, o Secretario Acctal. que dou fe.

